



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O neofalantismo no estudantado da Facultade de Filoloxía da UDC

María Fernández Zas

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Facultade de Filoloxía

2019

V. e pr. do director:

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Índice xeral

Resumo – Abstract	v
Capítulo 1. Introducción	1
1.1. Obxectivos	3
1.2. Metodoloxía	3
Capítulo 2. Estado da arte	7
Capítulo 3. O neofalantismo na Galiza	17
3.1. Definición	17
3.2. Tipoloxía	19
3.3. Perfil ideolóxico e modelos de lingua	20
Capítulo 4. Análise e discusión	25
4.1. Biografías lingüísticas	25
4.2. Razóns para aprender a lingua	27
4.3. Usos lingüísticos	28
4.4. Diferenzas entre neofalantes e paleofalantes	30
4.5. Autenticidade e lexitimidade	32
4.6. Actitudes en relación coa lingua galega	34
4.7. Identidades lingüísticas	35
4.8. Valor e función das persoas neofalantes na sociedade galega	37

Capítulo 5. Conclusións	39
Bibliografía	41
Apéndice 1. Convencións de transcripción	53
Apéndice 2. Siglas e abreviaturas utilizadas	55
Apéndice 3. Guión do grupo de transcripción	57
Apéndice 4. Preguntas das entrevistas semidirixidas	59
Apéndice 5. Transcricións	67

Resumo

A pesar de a lingua galega resistir durante varios séculos á presión exercida polo español, as profundas transformacións sociopolíticas e socioeconómicas que sufriu a Galiza na metade do século XX aceleraron o proceso de substitución lingüística. As medidas políticas en materia de lingua implementadas a partir da década de 1980 tencionaron inverter esa tendencia negativa, con vista a alargar os ámbitos en que o galego xa estaba presente. Porén, aínda que o número de paleofalantes continúa a diminuír de modo especialmente preocupante, nos últimos tempos o panorama sociolingüístico galego está a mudar significativamente, presenciando o aparecemento dunha minoría urbana e falante nativa de español que reaxe con determinación perante o desequilibrio lingüístico na Galiza. Estas persoas neofalantes desempeñan un papel fundamental na transformación das ideoloxías e das prácticas lingüísticas, o que as torna unha peza chave no futuro do idioma galego.

O obxectivo deste traballo é analizar o fenómeno do neofalantismo na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña co fin de fornecer un retrato abranxente destes novos e novas utentes do galego. Neste sentido, a través de dúas técnicas cualitativas sobexamente coñecidas, tales como o grupo de discusión e a entrevista semidirixida, investíganse varios aspectos relacionados coas traxectorias de aprendizaxe, as motivacións e as oportunidades para o uso da lingua, a consciencia metalingüística, as dificultades encontradas na adquisición do idioma etc. Abórdanse tamén cuestións relativas á autenticidade, á lexitimación social e á identidade lingüística das persoas neofalantes.

Así, o presente traballo abre cun breve esbozo do panorama sociolingüístico da Galiza, seguido dunha descrición dos obxectivos e da metodoloxía empregada ao longo destas páxinas. Por seu turno, o capítulo 2 establece un marco teórico á volta das nocións de “neofalantismo” e de “neofalante”, con base na evolución das diferentes correntes europeas,

peninsulares e galegas no ámbito dos estudos sobre as linguas minoritarias e minorizadas. A seguinte sección examina e pondera as distintas definicións, tipoloxías e perfís de neofalantes, ben como a súa conexión coas ideoloxías e as actitudes relativas ao idioma galego. Posteriormente, o capítulo 4 está consagrado á análise e subsecuente discusión dos datos das entrevistas semidirixidas e do grupo de discusión, dando, nomeadamente, unha atención especial ás razóns para aprender o idioma, ás identidades e ás ideoloxías, aos usos lingüísticos, e ao valor e á función das persoas neofalantes na sociedade galega. O traballo finda con algunhas conclusións, que destacan o status sociolingüístico especial destas persoas neofalantes e a súa grande relevancia para a revitalización e a sobrevivencia da lingua galega.

Palabras chave

Lingua galega, neofalantismo, neofalante, paleofalante, linguas minorizadas, minoría activa, autenticidade, lexitimidade.

Abstract

Although the Galician language resisted the pressure exerted by Spanish for several centuries, the profound sociopolitical and socioeconomic transformations that Galiza underwent in the middle of the 20th century accelerated the process of linguistic substitution. The language policy measures implemented since the 1980s intended to reverse this negative trend, with a view to widening or at least maintaining the areas in which Galician was already present. Nevertheless, whilst the number of speakers is now at alarming rates, the Galician sociolinguistic landscape has changed significantly in recent times, witnessing the emergence of an urban minority of native Spanish speakers who reacts with determination to the linguistic imbalance in Galiza. These new speakers play a fundamental role in the transformation of language ideologies and practices, thereby becoming a key element in the future of the Galician language.

The purpose of this undergraduate dissertation is to analyse the phenomenon of newspeakerness in the Faculty of Philology of the University of A Coruña, so as to provide a comprehensive picture of these new Galician users. In this vein, by means of two well-known qualitative techniques, such as the focus group and the semi-structured interview, several aspects related to the learning trajectories, the motivations, the opportunities for language use, the metalinguistic awareness and the difficulties encountered in language acquisition are investigated. Issues regarding authenticity, social legitimacy and the linguistic identity of new speakers are also addressed.

Thus, this paper opens with a brief outline of the Galician sociolinguistic landscape, followed by a description of the objectives and methodology used throughout these pages. In Chapter 2, a theoretical framework is established based on the evolution of the different European, Peninsular and Galician currents in the field of minority and minoritised languages.

The following section examines and ponders the various definitions, typologies and profiles of new speakers, as well as their connection to the ideologies and attitudes related to the Galician language. Subsequently, Chapter 4 is devoted to the analysis and further discussion of the data from the semi-structured interviews and the focus group, paying particular attention to the reasons for learning the language, the identities and ideologies, the linguistic uses and the value and the role of new speakers in Galician society. The work ends with some conclusions, which emphasise the special sociolinguistic status of these people and their high relevance for the revitalisation and survival of the Galician language.

Keywords

Galician language, newspeakerness, new speaker, native speaker, minoritised languages, active minority, authenticity, legitimacy.

Capítulo 1. Introducción

Hoxe en día, case 40 anos após o inicio do período autonómico e a subsecuente aprobación da Lei de normalización lingüística, os inquéritos e os estudos sociolingüísticos (p. ex. IGE, 2011 e MSG, 2007 e 2008) mostran claramente que o galego está a vivir a peor situación da súa historia en termos cuantitativos. Paradoxalmente, desde o comezo da década de 80 da anterior centuria, esta tendencia crecente cara ao abandono do galego decorre en simultáneo co aumento do apoio institucional e coa presenza da lingua no sistema de ensino, nos medios de comunicación e nos organismos públicos. Ao paso que as medidas adoptadas pola Xunta da Galiza conseguiron mellorar algo as actitudes lingüísticas da poboación a respecto do galego (González González, 2003; MSG, 2011; Observatorio da Lingua Galega, 2011 e 2017), ben como o status da que outrora era unha lingua profundamente desprestixiada, os preconceptos lingüísticos están aínda demasiado presentes na mentalidade da sociedade galega (Iglesias Álvarez, 2002; Freixeiro Mato, 2009). Na verdade, apenas ese feito explica que as actitudes aparentemente positivas en relación co idioma non se traduzan en niveis comparábeis de utilización activa, demostrando que a abordaxe política seguida polos sucesivos gobernos ignorou e continúa a ignorar as complexidades inherentes á situación real do galego (O'Rourke, 2018).

Neste sentido, a política lingüística levada a cabo na Galiza, que ben poderíamos definir como unha política reactiva e de baixa intensidade (Lorenzo Suárez, 2005), non tivo en consideración o feito de que a aparente vitalidade do galego en termos cuantitativos ocultaba tendencias moito máis negativas, cal é o baixo uso deste idioma entre a poboación urbana en xeral e, particularmente, entre as faixas etarias máis novas. Porén, desde as últimas décadas do século pasado o panorama sociolingüístico galego está a mudar paseniñamente, asistindo á emerxencia dunha minoría urbana que manifesta a súa insatisfacción no relativo ao

desequilibrio lingüístico na Galiza e que desafia o actual *statu quo* a través do seu compromiso co uso activo da lingua galega (Ramallo, 2013; O'Rourke & Ramallo, 2015; O'Rourke, 2018). En moitos casos, para estes novos e novas utentes, entre as cales se inclúe a autora que asina estas páxinas, o simple feito de falaren galego constitúe unha forma de resistencia perante a ausencia dunha clara vontade política para efectuar unha verdadeira mudanza sociolingüística na Galiza, chegando mesmo ao punto de deslocalaren completamente a súa primeira lingua co fin de adoptaren prácticas monolingües en galego.

Como veremos no decorrer das páxinas que se seguen, embora as persoas neofalantes partillen adoito algúns trazos da súa biografía lingüística, como é o feito de entraren en contacto co galego a través do sistema de ensino, os perfís destas e destes utentes que deciden voluntariamente abandonar o español en prol dunha variedade estigmatizada como é o galego nin sempre son coincidentes, como o non son os usos lingüísticos, o grao de responsabilidade, as expectativas e as ideoloxías que se encontran por detrás desta decisión. Hoxe, máis do que nunca, fica claro o papel fundamental destes novos e novas falantes na perspectiva de analizarmos o porvir do idioma galego e, por conseguinte, é fundamental coñecermos a natureza e o pensamento lingüístico deste colectivo. Só así se poderán deseñar e desenvolver políticas precisas e debidamente orientadas que contribúan tanto para a atracción de novos e novas falantes como para a manutención dos e das actuais.

É a grande importancia deste grupo de persoas neofalantes, xa posta en relevo en González González (2003: 189), a que explica a proliferación de traballos publicados nos últimos anos sobre o tema, como se verá no capítulo 2.

1.1. Obxectivos

O presente traballo ten como meta xeral obter un retrato global dos novos e novas utentes do galego na Facultade de Filoloxía da UDC. Máis concretamente, procuramos coñecer as experiencias, as actitudes e as motivacións destas persoas galegofalantes, ben como o seu vínculo afectivo co idioma e as posíbeis ideoloxías subxacentes a este “deslocamento da lingua maioritaria” (O’Rourke & Ramallo, 2013b). Alén diso, conforme esperado, deste obxectivo xeral derivan outros máis específicos, aínda que se revisten de enorme importancia para o desenvolvemento do traballo.

Así, en primeiro lugar, este estudo visa establecer un marco teórico a respecto dos conceptos de “neofalantismo” e de “neofalante”, tendo en conta a evolución das diferentes correntes europeas, peninsulares e galegas no dominio dos estudos sobre as linguas minorizadas. A vinculación entre as actitudes favorábeis cara ao galego e o uso efectivo do idioma constitúe máis outra meta, pois permite determinar as distintas tipoloxías e perfís destas persoas neofalantes de acordo co seu grao de utilización real do idioma. Un terceiro obxectivo responde á vontade de analizar o modelo lingüístico destes novos e novas utentes, albo de críticas por parte de determinados sectores, para o cal se procura incidir nos trazos que caracterizan a lingua desta minoría activa. Evidentemente, esta cuestión só poderá ser abordada de forma parcial, pois a extensión do traballo non permite unha análise pormenorizada. Por último, dado que este colectivo aínda non foi examinado en profundidade, cando menos na Galiza, estas páxinas teñen igualmente o obxectivo de contribuíren para a evolución desta liña de investigación lingüística.

1.2. Metodoloxía

Relativamente á metodoloxía seguida, e como xa se adiantou, o presente traballo principia cun capítulo de natureza teórica consagrado á revisión da literatura máis relevante na área dos

estudos sobre as linguas minorizadas co fin de contextualizarmos algunhas das principais abordaxes neste campo e, particularmente, aquelas aplicadas á análise do fenómeno do neofalantismo en lingua galega. Neste sentido, as nocións, as focaxes e as metodoloxías discutidas nesta sección introdutoria constitúen a base que guiará o lector ou lectora nos capítulos subsecuentes. A identificación das distintas definicións, tipoloxías e perfís de neofalantes, ben como o seu relacionamento coas ideoloxías e as actitudes cara á lingua, son o obxecto de estudo da seguinte sección, razón por que teremos sobre todo en conta os contributos centrados nas especificidades deste fenómeno na Galiza.

No que di respecto ao establecemento dun retrato global dos novos e novas utentes do galego na Facultade de Filoloxía, que constitúe, sen dúbida, a parte central deste traballo, a opción metodolóxica seguida vai ser a dos estudos cualitativos, xa que, consoante Ortí (1986: 177-178), “exige precisamente la libre manifestación de los sujetos encuestados de sus intereses informativos, creencias y deseos, [...] creando una situación de auténtica comunicación [...] que permite revelar el sistema ideológico subyacente en el sistema de la lengua del hablante”. Con base no que precede, esta escolla responde á necesidade de adoptarmos un método que nos permita comprender a complexidade deste fenómeno social emerxente e tamén aprofundar, entre outros aspectos, nas motivacións, na autopercepción e nas experiencias lingüísticas destas persoas neofalantes.

A compilación de datos realizouse a través de dúas técnicas sobexamente coñecidas na investigación cualitativa, a saber: o grupo de discusión e a entrevista semidirixida, cun total de 13 participantes¹. Máis especificamente, tal como aconsella Ibáñez (1992: 272-280) no relativo á organización e á estrutura deste tipo de investigacións, a metodoloxía base deste

¹ Todas as persoas que participaron neste estudo son ou foron recentemente alumnas e alumnos da Facultade de Filoloxía da UDC. Un caso excepcional constitúeo NF9, pois, para alén de estudar o Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada nesta mesma universidade, foi lectora de lingua portuguesa na Facultade de Filoloxía e actualmente ministra aulas deste idioma no Centro de Linguas da UDC, con sede na antecitada Facultade.

traballo foi un grupo de discusión formado por seis novas e novos utentes do galego, cuxos resultados foron complementados por tres entrevistas semidirixidas a neofalantes que captaron especialmente o noso interese, mais que, por problemas de incompatibilidade de horarios, non puideron asistir á sesión en grupo. Co fin de realizarmos un estudo tan abrangente canto posíbel, optamos por incluír na nosa definición de “neofalante” todas aquelas persoas que aprenderon o galego por calquera medio que non fose o familiar e que, aliás, deslocaron a súa lingua inicial, quer parcial, quer totalmente. Alén diso, tamén se efectuaron entrevistas a dúas persoas españolfalantes e a dúas falantes “tradicionais” que adquiriron o galego no seo da familia, xa que, ao noso ver, é fundamental coñecermos a percepción que estas persoas teñen deste colectivo emerxente.

Por seu turno, o derradeiro capítulo presenta as conclusións do noso estudo, ao paso que ofrece unhas breves reflexións sobre o papel chave desta minoría lingüística activa no momento de asegurarmos o futuro do galego. Adicionalmente, ao final do traballo acrécentase unha serie de anexos que facilita a comprensión global destas páxinas. Estes documentos complementares inclúen as convencións de transcripción (Apéndice 1), as siglas e abreviaturas utilizadas (Apéndice 2), o guión do grupo de discusión (Apéndice 3) e as preguntas das entrevistas semidirixidas (Apéndice 4), ben como as transcripcións das conversas decorrentes do uso das dúas antecitadas técnicas cualitativas (Apéndice 5).

Capítulo 2. Estado da arte

Aínda hoxe, o galego non dispón dunha monografía que forneza unha panorámica pormenorizada e abrangente sobre o fenómeno do neofalantismo na Galiza. Como é sabido, debido ás especificidades culturais, económicas, sociais e políticas do noso país, no galego rexístrase un desfasamento cronolóxico significativo no que di respecto á publicación de contributos consagrados ao estudo das particularidades da nosa lingua e das persoas que a falan, contrariamente ao que aconteceu cos idiomas do seu contorno, que principiaron o seu percurso filolóxico no inicio da Idade Moderna. Como é obvio, este desfasamento secular afectou tamén o desenvolvemento de traballos sociolingüísticos centrados na análise e subsecuente inversión das tendencias negativas en materia de lingua.

No entanto, após un longo período dedicado a colocar a lingua galega en pé de igualdade coas súas conxéneres, hoxe en día podemos afirmar que o contexto sociolingüístico galego foi e continúa a ser albo de estudo por parte de investigadores e investigadoras tanto autóctones canto internacionais. Con efecto, diversos procesos desencadeados polo avance da globalización, dos medios de comunicacións e da crecente mobilidade das persoas pasaron a estimular o desenvolvemento de novas visións sobre a diversidade lingüística e a morte das linguas, o que se traduciu, por seu turno, nun maior interese polas linguas minorizadas e as minorías lingüísticas, ben como pola revisión e subsecuente actualización de conceptos chave como “paleofalante” ou “falante tradicional” (*native speaker*), “neofalante” (*new speaker*) e “neofalantismo” (*newspeakerness*).

Como ben salientan Marten, van Mensel, & Gorter (2012: 1), a investigación tradicional sobre as linguas minorizadas centrouse na manutención da lingua e na mudanza lingüística en proveito da lingua dominante, no perigo de extinción e na revitalización do idioma, na transmisión familiar, na educación e nas políticas lingüísticas noutros dominios

sociais, como os medios de comunicación. Neste sentido, consoante O'Rourke (2011: 3), desde a segunda metade do século XX até hai poucas décadas, os contributos consagrados á análise destas linguas dirixiron o ollar a eventos macrosociais como causas directas da súa sobrevivencia ou declinio. Igualmente, é interesante notarmos que durante este primeiro período os antecitados estudos se concentran apenas naqueles contextos en que os e as falantes abandonan a lingua minoritaria e/ou minorizada para abrazaren o idioma dominante, sen ponderaren a posibilidade inversa, isto é, aqueles casos en que unha ou varias persoas deciden deslocar a lingua de poder da comunidade a favor dunha outra variedade estigmatizada.

No que di respecto á análise do proceso de substitución lingüística en distintos espazos lingüísticos minorizados, é digno de nota o traballo de Uriel Weinreich (1979), primeiro autor en empregar o termo *language shift* para se referir á mudanza do uso dunha lingua habitual por outra diferente. Sobre este asunto, sobrancea outrosí o traballo de Fishman (1991), que no libro intitulado *Reversing Language Shift (RLS)* combina nocións sociolóxicas teóricas sobre a mudanza de linguas (*language shift*) e o planexamento lingüístico (*language planning*) con estudos de caso e comentarios prácticos sobre os esforzos destinados á preservación das linguas ameazadas (*endangered languages*). Así, ao contrario do que expoñen Dorian (1980), Ninyoles (2005) e Freixeiro Mato (2010), que enumeran tres factores chave en relación coa consumación do proceso de substitución lingüística, como son o número de falantes, os espazos de uso e a erosión interna da lingua, Fishman coloca o foco na importancia da transmisión interxeracional no momento de avaliar a saúde de calquera lingua en perigo, secundarizando deste modo os restantes elementos antecitados.

Nesta liña de pensamento, mais decorridos dez anos da saída do prelo de *RSL*, Fishman (2001) edita unha outra obra que ten como título *Can threatened languages be*

save?, onde, a través dun conxunto de artigos de diversa autoría, se analiza a posición contemporánea de 18 linguas ameazadas espalladas polos cinco continentes, algunhas das cales xa foran consideradas na obra anterior, como o éuscaro e o catalán². Desa forma, o sociolingüista estadounidense pon a proba a validez das súas propias teorías, ao paso que fornece informacións sobre o que está a acontecer coas linguas minoritarias e minorizadas que loitan cada día pola súa recuperación e sobrevivencia. Indubitabelmente, para este autor, e tamén para outros estudiosos, “os factores que conducen á morte das linguas non escapan ao control humano” (Crystal, 2003: 65), xa que sempre existe unha maneira de mellorar a situación destes idiomas, embora en maior ou menor grao.

Por súa vez, os contributos recentes sobre as linguas minorizadas e as minorías lingüísticas caracterízanse polo estudo das linguas nas súas dimensións microsocia e individual. Neste sentido, O’Rourke (2011: 3) destaca que é só a través da análise das crenzas, das actitudes e das ideoloxías lingüísticas dos e das falantes que estes procesos poden ser debidamente avaliados. Para alén diso, conforme mencionado anteriormente, as estudosas e os estudiosos comezan a concentrar a súa atención nas mudanzas lingüísticas que pretenden coadxuvar a reverter a situación inxusta das linguas minorizadas. Como é evidente, esta grande viraxe veu acompañada por unha diversificación tanto das liñas e métodos de investigación canto dos suxeitos de estudo.

Á luz da crecente atención conferida ao fenómeno global do neofalantismo recentemente, son moitos os contributos que visan revisitar e reavaliar aspectos tan fundamentais como a distinción entre “falante nativo” e “neofalante” (O’Rourke & Pujolar,

² Aínda que Fishman non fornece informacións sobre o galego neste traballo, cómpre salientarmos as súas palabras no ‘postscript’ á tradución galega dun contributo seu, onde afirma que el foi probabelmente “the only person who has written about Galicia, Gallego and the Gallegos in Yiddish [...] as an expression of the admiration that only a concerned native speaker of one small and abused language can have for another that is in roughly similar circumstances”, ao paso que manifesta o desexo de a antecitada tradución ser útil “not only to understand but also to ameliorate the manifold problems that lie before the ancient and honorable Galician tongue” (Fishman, 1997: 51-53).

2013; Jaffe, 2015; Atkinson, 2018; Murchadha, Hornsby, Smith-Christmas, & Moriarty, 2018) ou o papel chave das “minorías lingüísticas” (May, 2008; Moscovici & Mugny, 1983). Na verdade, a cuestión do “falante nativo” como sinónimo de “falante-ouvinte ideal”, cando menos nunha perspectiva teórica, xa captou o interese de Chomsky (1971: 5) e mesmo de Fishman (1991), para quen a recuperación de calquera lingua está intimamente ligada á reconstrución da comunidade de falantes nativas e nativos.

No entanto, non foi até á saída do prelo do libro intitulado *The Native Speaker Is Dead!* (Paikeday, 1985) que esta dicotomía se converteu nunha cuestión de preocupación na lingüística aplicada, visto que o uso dos antecitados rótulos, para alén de ser lingüisticamente reducionista, “[can] become discriminatory in some of its applications, especially since it happens to favour one group of speakers of each language against all others” (Paikeday, 1985: 30). Con efecto, este contributo abriu camiño a posteriores debates, case todos eles concordantes coas conclusións de Paikeday, como é o caso de Davies (2003) e de Piller (2001 e 2002), os cales consideran que as cualidades únicas e singulares atribuídas ás persoas nativas nunha lingua son máis un mito e unha idealización do que unha realidade, xa que a oposición fundamental entre os conceptos “falante nativo” e “neofalante” non é o nivel de autenticidade e de competencia lingüística, que mesmo poden vir a ser semellantes co pasar do tempo, mais a motivación e a vontade do novo falante de asumir confianza e identidade.

Na verdade, como argumentan O’Rourke & Pujolar (2013: 61), a emerxencia de novos e novas utentes de linguas minorizadas comezou a desafiar a crenza xeral de que unha comunidade de falantes nativos é necesaria para un idioma sobrevivir, tal como defendía Fishman (1991: 92-95). Esta nova visión do papel das persoas neofalantes no proceso de revitalización das linguas en perigo está ligada á crecente influencia destas minorías activas na chamada “nova orde sociolingüística” (O’Rourke, Pujolar, & Ramallo, 2015). O que todas

estas minorías partillan, consoante Moscovici & Mugny (1983: 42), “is the tendency to seek visibility, to forge an identity, to convert the majority to their ideas and beliefs, in short, to change the groups or societies to which they belong. In other words, they are factors of innovation”. Estas palabras teñen todo o sentido se aplicadas ao galego, pois, como Dorian (1981: 39) observa moito acertadamente cando trata a situación conflitiva do escocés, “*who speaks the language is ultimately more important than how many speak it*” (énfase no orixinal).

Após esta breve análise dalgunhas cuestións xerais que afectan todas as comunidades lingüísticas minorizadas, e antes de aprofundarmos no caso da Galiza, convén considerarmos como se manifesta o fenómeno do neofalantismo noutros territorios en que conviven dúas ou máis linguas nunha situación de desigualdade. Na Europa, esta liña de investigación está certamente moito explorada, nomeadamente con base na utilización de técnicas cualitativas, a seren abondosos os contributos centrados nas especificidades das persoas neofalantes do irlandés (O’Rourke, 2011; O’Rourke & Ramallo, 2011; O’Rourke & Walsh, 2015), do corso (Jaffe, 2015), do bretón (Ferguson, 2006; Hornsby, 2016), do escocés (McLeod & O’Rourke, 2015; McLeod, O’Rourke, & Dunmore, 2014), do galés (Ferguson, 2006; Selleck, 2018), do hebraico (Hornsby, 2015), do lombardo (Coluzzi, 2018) e do occitano (Costa, 2015), entre outros. Por súa vez, no espazo ibérico, a situación é semellante á verificada nos países europeos, tornando posíbel acharmos traballos que analizan a biografía lingüística, as actitudes, as motivacións e as competencias lingüísticas das persoas neofalantes de éuscaro (Urla, 2012; Ortega, Amorrortu, Goirigolzarri, Urla, & Uranga, 2014; Puigdevall, Walsh, Amorrortu, & Ortega, 2018; Lantto, 2018), catalán (Pujolar, González, & Martínez, 2010; Pujolar & Puigdevall, 2015; Puigdevall, Walsh, Amorrortu, & Ortega, 2018) e valenciano (Casesnoves, 2010 e 2016).

Pasádomos agora ao tratamento desta materia no espazo sociolingüístico galego, convén comezarmos este percurso dando especial relevancia ao grande desenvolvemento experimentado neste dominio durante a última década. Hoxe en día, isto reflíctese na larga variedade de focaxes e de áreas de investigación abertas, ben como no crecente número de autores e autoras que están a desempeñar un papel impulsador nos estudos sobre o fenómeno do neofalantismo na Galiza. Como xa se comentou, aínda no se tirou do prelo unha obra completa que aborde esta temática, mais son moitos os artigos académicos e as teses de mestrado e de doutoramento que poñen o foco neste tema.

Do punto de vista teórico, deben salientarse os contributos de Ramallo, que é indubitabelmente o autor galego que máis está a contribuír para unha comprensión abranxente e integrada deste fenómeno. Máis concretamente, cómpre facermos referencia aos artigos que teñen por título “Neofalantismo” (2013) e “O neofalantismo e o suxeito neofalante” (2018), en que o autor aprofunda na orixe contemporánea deste colectivo e na súa presenza na Galiza actual, ao paso que presenta unha proposta teórica deste fenómeno, entendido como “un acontecemento político emancipador” (Ramallo, 2018: 737). Debe ser citado, outrosí, máis un outro traballo do antecitado investigador que, so o título de “Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego” (2010), visa proporcionar unha clasificación básica dos tipos de falantes de galego na Galiza actual. Deste modo, ao carón das e dos galegofalantes tradicionais, profesionais, ocasionais, ocultos en público e bilingües, Ramallo inclúe os neofalantes, isto é, “as persoas que non tiveron o galego como lingua familiar e que utilizan esta lingua habitualmente” (2010: 33).

Por seu turno, en coautoría con O’Rourke, temos de facer referencia aos artigos “*Neofalantes as an active minority: understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician*” (O’Rourke & Ramallo, 2015), onde os autores

tentan explicar as prácticas lingüísticas e as motivacións que se ocultan detrás da mudanza lingüística destes novos e novas falantes do galego, e “Identities and new speakers of minority languages: A focus on Galician” (O’Rourke & Ramallo, 2018), que examina os comportamentos lingüísticos e os trazos identitarios que caracterizan este colectivo. Igualmente notábel é a aproximación que fan os antecitados pesquisadores aos perfís xerais das persoas galegofalantes no artigo redixido en español e intitulado “Perfiles de neohablantes de gallego”, en que, “a partir del *criterio intensidad de uso del idioma aprendido*”, diferencian entre “neohablantes *esenciales*, neohablantes *funcionales*, neohablantes *ocasionales* y neohablantes *potenciales*” (Ramallo & O’Rourke, 2014: 98; énfase no orixinal). Con certeza, esta clasificación ten grande relevancia, pois vai alén da dicotomía entre neofalantes e paleofalantes a que fai referencia Frías Conde (2006) nun seu traballo en que trata sobre esa primeira categoría de falantes na Romania.

Por outro lado, tamén son varios os traballos consagrados á comparación de dous contextos lingüísticos minorizados como son o galego e o irlandés. Así, por colocarmos un exemplo, “Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia” (O’Rourke & Ramallo, 2011) examina as tensións que xorden entre as locutoras e os locutores nativos e non nativos en ambos os contextos, tendo en conta os factores históricos, sociopolíticos e socioeconómicos que conduciron ao aparecemento desa categoría de falantes.

Noutra orde de ideas, a propia O’Rourke, que viviu durante algún tempo na Galiza, tamén introduce brevemente a cuestión do neofalantismo no texto intitulado “The Galician language in the twenty-first century” (O’Rourke, 2014), para publicar varios anos despois “Just use it! Linguistic conversion and identities of resistance amongst Galician new speakers” (O’Rourke, 2018), un artigo que explora as ideoloxías subxacentes ao deslocamento da lingua dominante, ben como o papel que desempeñan as persoas neofalantes como

planificadoras da lingua na Galiza contemporánea. Para alén diso, é pertinente mencionarmos o traballo de investigación de Kováčová-Moman (2007), intitulado *A mudança da lingua usual nos novos locutores de galego – neofalantes*, no cal, a través de 20 entrevistas e un estudo de caso, a autora examina as causas que conduciron ao abandono parcial ou total da lingua maioritaria, ao paso que se interesa na transmisión interxeracional da lingua neste mesmo grupo. Máis un contributo interesante nesta liña, aínda que desde unha perspectiva menos académica, son as *Historias de neofalantes* de Dans (2017: 8), que, como o propio título da monografía indica, “se mergullan nas motivacións, pareceres, problemas, alegrías e penas [...] de trinta e oito persoas de ambos os sexos e de idades díspares”, reflectindo ao mesmo tempo sobre cuestións tan fundamentais como a adhesión de novos e novas falantes, ben como o papel reservado a este colectivo no proceso de revitalización do galego.

Un caso especial constitúeo o artigo que ten por título “Neofalantes e travestismo lingüístico: un experimento sociolóxico e didáctico sobre ideoloxías, obstáculos e persistencia”, que se aproxima do neofalantismo desde o ámbito da Educación a través dun experimento de inmersión lingüística dirixido principalmente aos perfís de neofalante potencial e neofalante funcional. Como indica a autora (Mosquera Castro, 2018: 655), esta é “unha perspectiva pouco explorada mais de notábel relevancia”, así como o é tamén a abordaxe de Padín (2017) no seu traballo de fin de mestrado intitulado *Neofalantes na Era Digital*. Neste último caso, trátase, sen dúbida, dunha focaxe pioneira que, nas palabras do propio autor (2017: 4), visa descubrir “se as Tecnologías da Información e Comunicación (TIC) ofrecen ás persoas neofalantes de galego un cenário propicio para se apresentarem como falantes dessa lingua e para experimentarem lingüística e identitariamente como falantes de galego”.

O neofalantismo, ou mellor dito, a lingua destas persoas neofalantes tamén é obxecto de estudo nos traballos consagrados á análise da variación sociolingüística da Galiza. Neste sentido, seguindo a clasificación dos sociolectos galegos que fornece Dubert (2002: 16-19), Monteagudo (2005: 421) inclúe nas variedades faladas no país o “para-galego” ou “neo-galego urbano”, que, a seu ver, é

un interlecto mixto producido por falantes iniciais do castelán exemplar ou rexional, cun nivel elevado de instrución, que conseguiron unha aprendizaxe defectuosa do galego; a categorización desta variedade é disputada: galego (incluso exemplar) para os seus locutores e para un sector da comunidade lingüística, castelán superficialmente galeguizado para outro sector da mesma.

Nesta perspectiva, o cuestionábel relacionamento entre “neo-galego urbano” e “aprendizaxe defectuosa”, moito recorrente en determinados sectores da poboación galega, é o tema central do artigo que ten por título “«A miña variedade é defectuosa»: a lexitimación social das neofalas” (O’Rourke & Ramallo, 2013a). Con efecto, esta é unha polémica de longa data que, como é sabido, xa fora abordada, cando menos en parte, nos primordios deste século nas monografías intituladas *Os falantes como lingüistas* (Kabatek, 2000) e *Falar galego: “no veo por qué”* (Iglesias Álvarez, 2002), ben como no recente artigo que ten por título “Competing ideologies of linguistic authority amongst newspeakers in contemporary Galicia” (O’Rourke & Ramallo, 2013b). A este respecto, para Regueira (1999: 869), “existen indicios suficientes para defende-la idea de que se trata [o neo-galego urbano] dun modelo estable e ben valorado socialmente”. No entanto, concordamos coas palabras de O’Rourke & Ramallo (2013a: 89) cando afirman que “o espazo sociolingüístico das neofalas e dos neofalantes precisa de máis recoñecemento social”.

Desde unha perspectiva máis claramente lingüística, deben ser citados os traballos intitulados “O novo galego urbano” (González González, 2008), “Estándar oral e variación social da lingua galega” (Regueira, 1999) e “Lingua e Sociedade en Galicia” (Monteagudo, 2017), que, a mostraren apenas algunhas diferenzas entre eles, presentan os principais trazos lingüísticos do chamado neogalego urbano. Sen entrarmos en pormenores que serán obxecto de análise en subsecuentes seccións, este tipo de galego, en xeral altamente interferido polo español, posúe “unha serie de características que afectan tanto ao plano fonético coma ao morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico” (González González, 2008: 364).

Infelizmente, non hai aínda na Galiza un traballo ben fundamentado que examine as diferenzas entre o discurso das persoas neofalantes e españolfalantes en todos os niveis lingüísticos. Porén, xa se están a dar os primeiros pasos nesa dirección, de que son proba os contributos que teñen por título “The effects of language dominance in the perception and production of the Galician mid vowel contrasts” (Amengual & Chamorro, 2015), *The role of social factors in bilingual speech processing: the case of Galician New Speakers* (Tomé Lourido, 2018) e “Os neofalantes galegos no contexto europeo: A produción e a percepción da fala” (Tomé Lourido & Evans, 2018), todos eles centrados no estudo das distintas variábeis que afectan as persoas neofalantes no que di respecto á produción e á percepción adecuada dos sons das variedades tradicionais.

En conclusión, un percorrido polos estudos sobre neofalantismo tanto a nivel internacional canto nacional revela que este é un tema de actualidade que está a despertar interese no ámbito da pesquisa sociolingüística, nomeadamente sobre as linguas minorizadas. No caso concreto do galego, debe resaltarse a proliferación na última década de traballos académicos sobre esta cuestión, en conformidade coa importancia que este fenómeno social posúe para a revitalización do idioma galego.

Capítulo 3. O neofalantismo na Galiza

3.1. Definición

Como acabou de ser salientado, o neofalantismo constitúe un tema de grande actualidade no ámbito sociolingüístico nacional e internacional. Porén, a pesar da vasta cantidade de traballos neste dominio, “non hai consenso con respecto ao que se entende por neofalante e termos afíns” (O’Rourke & Ramallo, 2013a: 90). En xeral, a parafrasearmos O’Rourke & Pujolar (2013: 56), as nocións de neofalantismo e de neofalante describen as formas de falar e as prácticas sociais e lingüísticas dos e das falantes que existen fóra das comunidades tradicionais de falantes nativas e nativos, abranxendo contextos tan diversos como a inmigración, a colonización e a globalización, entre outros. Para O’Rourke & Walsh (2015: 64), as persoas neofalantes son aqueles individuos que adquiriron a súa lingua nun contexto diferente do doméstico, isto é, a través de programas de inmersión ou educación bilingüe. Indubitabelmente, esta definición é moito lata, pois inclúe un amplo leque de tipoloxías de falantes e de graos de competencia lingüística.

Por seu turno, O’Rourke & Ramallo (2013a: 90) definen o individuo neofalante como unha persoa que se torna “usuaria habitual, con frecuencia exclusiva, dunha lingua que non foi a súa lingua materna ou familiar”. Na maioría dos casos, este idioma foi aprendido na socialización secundaria, nomeadamente a través do sistema de ensino. No que di respecto ao galego, a seguirmos O’Rourke & Ramallo (2013b: 288-289), o termo neofalante é usado como un concepto popular e académico para retratar os e as utentes que son criadas falando español, mais que nalgún momento das súas vidas, xeralmente na adolescencia ou no inicio da idade adulta, se converten en falantes de galego, moitas veces debido a factores político-ideolóxicos e/ou socioculturais.

Este colectivo é, en grande parte, o produto das políticas lingüísticas que comezan a vigorar na década de 80, após a transición española, por causa da inclusión do galego en ámbitos e espazos onde non estaba presente, como os medios de comunicación e a administración pública, por exemplo. Deste modo, no caso específico da Galiza, o fenómeno do neofalantismo presenta características distintivas notorias, unha vez que actualmente a maioría da poboación galega é bilingüe e posúe un elevado nivel de proficiencia en español e en galego. Por esta razón, ao contrario do que acontece noutras comunidades europeas, tanto a exposición precoz ao galego como a alta competencia lingüística das persoas que moran na Galiza non son necesariamente resultado da escolarización formal, mais, como salientan Ramallo & O'Rourke (2014: 99), a aprendizaxe deste idioma tamén pode ser ambiental.

Téndomos debidamente en conta a situación de conflito lingüístico que existe no país, cómpre notarmos que nas persoas neofalantes de galego se verifica unha condición extraordinaria, a saber: o deslocamento da lingua “normal” e de poder en beneficio dunha outra estigmatizada e con moito menos prestixio social. Nesta perspectiva, pódese dicir que o neofalantismo constitúe un movemento social “conformado por suxeitos que adoptan unha práctica consciente de defensa e activismo a prol das linguas socialmente minoritarias, mediante o seu uso, a súa reivindicación pública e a súa dignificación social” (Ramallo, 2013: 254-255). Por conseguinte, as persoas neofalantes conforman unha “minoría activa” (Moscovici & Mugni, 1983), innovadora e moito motivada que rexeita o *statu quo* lingüístico e que tenta transformar a sociedade desde abaixo co fin de mudar as estruturas de poder existentes. Así, o neofalantismo é

con certeza unha forma de rebelión, xa que entraña dificultades, afouteza [e] un esforzo sostido durante un período de tempo moito alongado (até que aparece o hábito). É tanta a enerxía necesaria a investir que non se pode considerar un simple capricho (Dans, 2017: 54).

3.2. Tipoloxía

Embora non sexa un grupo homoxéneo, mais si diverso e complexo, as persoas neofalantes costumaban compartillar unha serie de características sociolingüísticas, sociodemográficas e socioculturais que, consoante O'Rourke & Ramallo (2018: 94), corresponden a un perfil de falante novo ou nova e de clase media urbana. No entanto, convén salientarmos o feito de tamén se rexistraren neofalantes en ambientes rurais e periurbanos e pertencentes a distintas clases sociais. En termos numéricos, aínda que non hai informacións exactas, pois non existen até agora estudos cuantitativos dirixidos a estas persoas, o antecitado colectivo representa apenas unha pequena parte da poboación total galega, sobre todo en comparación cos números correspondentes na Cataluña e en Euskadi.

A tomarmos como punto de referencia os inquéritos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2011), os datos indican que, no ano 2008, 70.000 persoas españolfalantes, que constituían aproximadamente 2% da poboación, “desprazaron o castelán para convertérense en falantes activos de galego” (Ramallo, 2013: 251). Do punto de vista xeográfico, segundo afirman Monteagudo, Loredó, & Vázquez (2016: 27), Santiago de Compostela é a cidade que ten “o maior tanto por cento de neofalantes, a máis baixa porcentaxe de desgaleguizados e un amplo grupo de galegofalantes de orixe galega”.

Relativamente aos perfís destes novos e novas falantes, Ramallo & O'Rourke (2014) presentan unha proposta de clasificación pouco restritiva que ten en conta utentes cuxa lingua habitual non é o galego. Así, estes autores consideran distintos perfís de neofalantes con base no seu uso do idioma, dividíndoos en catro grupos. En primeiro lugar, as persoas “neofalantes esenciais” son aquelas que pasan a falar galego de modo exclusivo ou, cando menos, con moita frecuencia. Os e as “neofalantes funcionais”, por súa vez, son as que empregan o galego “en interaccións informais ou en contextos institucionais en los que este é o idioma

predominante”. Por outro lado, as persoas “neofalantes ocasionais” son aqueles individuos que fan “un uso limitado del gallego aprendido, generalmente como una práctica reactiva a los estímulos de la interacción. Finalmente, as e os “neofalantes potenciais” son todas aquelas persoas que, a pesar de teren o español como lingua habitual, son “bilingües receptivos con una autopercepción de su capacidad para hablar gallego muy elevada” (Ramallo & O’Rourke, 2014: 100). Conforme sinalan Tomé & Evans (2018: 107), unha clasificación deste teor “desatende outros aspectos esenciais para a definición convencional de neofalantes galegos”, como o deslocamento “da lingua maioritaria e as causas que motivan o uso desta lingua”. Infelizmente, a parafrasearmos Ramallo (2012: 183-184), aínda non existe ningunha tipoloxía que aborde de maneira global cuestións tan relevantes como a motivación para a mudanza lingüística, o ambiente social de referencia, a construción da identidade e o modelo de lingua aprendido, ben como o dominio formal da lingua e a propia experiencia lingüística.

3.3 Perfil ideolóxico e modelos de lingua

Noutra orde de ideas, o deslocamento da lingua dominante, neste caso o español, entre os novos e as novas utentes do galego costuma dar orixe á construción de novas identidades en resposta ou en oposición a outros perfís de falantes, pois, como é sabido, as linguas teñen adoito unha forte compoñente identitaria. Deste modo, de acordo con O’Rourke & Ramallo (2018: 95), as persoas neofalantes constrúen e negocian a súa identidade en diferenza con varios “outros”, incluíndo unha xeración máis vella de falantes tradicionais de galego, as galegas e os galegos españolfalantes e até mesmo outros suxeitos neofalantes. Na verdade, a relación entre lingua e identidade é unha cuestión que suscita moitos puntos de vista diferentes e, ás veces, diverxentes. Porén, é innegábel que para moitas persoas a lingua

desempeña un papel esencial na definición da súa identidade de grupo, o que a converte nun recurso precioso e merecedor de protección.

Así as cousas, o alicerce deste vínculo foi normalmente organizado en volta do falante nativo, ao cal se asocian “adxectivos como «auténtico», «puro» e «innato»” (O’Rourke & Ramallo, 2011: 1685). Neste sentido, as e os falantes tradicionais son xeralmente considerados como os únicos falantes auténticos e lexítimos e, por tanto, son eles os gardiáns da “verdadeira” identidade lingüística, non tendo en conta deste modo a emerxencia de novas clases de falantes que traen consigo outros valores lingüísticos e culturais, ás veces moito diferentes dos da comunidade de falantes tradicionais.

A este respecto, Tomé & Evans (2018: 102) destacan que o termo neofalante “non fai referencia á competencia lingüística dos falantes (nin na lingua maioritaria nin na minoritaria), senón exclusivamente á súa experiencia lingüística”. Na mesma liña, Frías Conde (2006: 60) apunta que “a diferenza entre estes dous tipos de falantes é basicamente unha: o neofalante aprendeu a lingua, mentres que o paleofalante [falante tradicional] a adquiriu”. No entanto, independentemente do feito de isto ser verdade, cando menos na teoría, na realidade “o termo ‘falante nativo’ utilízase con frecuencia como un arquetipo restritivo para xustificar xerarquías de falantes” (Ramallo, 2013: 248). Consecuentemente, non restan dúbidas de que a aparición destas persoas neofalantes na escena sociolingüística “abre tamén un conflito quanto à questão de quem são os e as falantes legítimas e autorizadas da língua galega” (Padín, 2017: 8).

Con efecto, a figura do suxeito neofalante ten sido observada con desconfianza, a padecer na propia pel unha profunda incompreensión por parte dos e das falantes tradicionais, ben como das persoas españolfalantes. Nos espazos urbanos, as oportunidades que teñen estes individuos para se expresaren en galego son moito limitadas, até ao punto de o simple feito de

unha persoa falar esta lingua ser visto nalgúns contextos como unha violación das normas sociais establecidas e unha ameaza para a supremacía do idioma dominante. Na Galiza, o español da mocidade continúa a ser a lingua neutra e “normal” nos procesos de socialización. En contrapartida, o galego dos mozos e das mozas neofalantes costuma vir asociado a unha moda e, máis frecuentemente, a unha orientación política nacionalista máis ou menos radical, cando, na verdade, non son poucos os casos de novos e novas utentes do galego que revelan ter outras razóns para o deslocamento parcial ou total do español. Obviamente, estas connotacións teñen efectos negativos e prexudiciais para o idioma, xa que “se axir como elemento marcado ou connotado na comunicación, terá máis difícil ser unha lingua con perspectivas de futuro” (Freixeiro Mato, 2009: 140).

Para alén de conviviren coa incompreensión e co preconceito de seren xulgadas obrigatoriamente como nacionalistas, de acordo con O'Rourke & Ramallo (2011: 1685), as persoas neofalantes tamén son avaliadas en función da súa variedade lingüística, que tende a ser descrita como “«artificial», «contaminada» e «adquirida»”, nomeadamente por parte da comunidade de falantes tradicionais con estudos universitarios, que ve estes suxeitos como uns usurpadores que tencionan ocupar un espazo social que non lles pertence. Con todo, esta representación das variedades usadas polas persoas neofalantes non está presente no imaxinario dos e das falantes tradicionais máis idosas, que consideran que este colectivo “se expresa nun galego máis «coidado», máis «puro», máis «correcto», máis «auténtico» e máis «exemplar»” (Ramallo, 2010: 34).

No relativo á lingua deste novo usuariado, hai actualmente diverxencia de pareceres. Así, en canto para algúns autores se trata dun “modelo estable e valorado ben valorado socialmente” (Regueira, 1999: 869), outros acreditan que o galego urbano é un perigo, pois está “xerando un complexo de minusvaloración da variedade auténtica propia de moitos

galegofalantes, que ven como a súa variante lingüística segue sen ter valor social” (González González, 2008: 48). Co fin de ilustrar este fenómeno, Monteagudo (2017) fai un breve percorrido polos trazos máis distintivos do chamado “neogalego urbano”, a se centrar no uso oral da lingua, incluíndo na súa análise a prosodia, a fonética, a morfosintaxe, os idiomatismos e a pragmática:

entoación castelá, indistinción do timbre das vogais medias, pronuncia alveolar do [ŋ] velar, indiferenciación do /s/ (apical) e o /ʃ/ prepalatal, non realización de contraccións, elisións vocálicas e outros fenómenos fonotáticos propios do galego, emprego de tempos verbais compostos [...], indistinción de *te* (acusativo) e *che* (dativo), [...] realización de usos pronominais do castelán inexistentes en galego, [...] confusión das regras sintácticas de énclise e próclise (Monteagudo, 2017: 38).

No entanto, a este respecto convén non facermos xeneralizacións abranxentes, pois, consoante Ramallo (2013: 250), as neofalas constitúen “un continuo que percorre desde formas de expresión altamente ligadas ao estándar, cun uso formal moi esmerado, a aquelas outras moi interferidas pola lingua materna e de primeira socialización dos novos usuarios”. Non é de estrañar, por tanto, que na realidade algunhas persoas neofalantes se expresen “moito mellor, cun grao de pureza da lingua superior, que os paleofalantes”. Isto débese ao feito de o suxeito neofalante “aprender un modelo de lingua depurado”, ao paso que “o paleofalante, na grande maioría dos casos, exprésase cunha linguaxe mixta” (Frías Conde, 2006: 61).

Por esta razón, a pesar de moitas destas persoas non adquiriren espontaneamente a lingua pola vía da socialización primaria, é posíbel que, após varios anos de práctica, poidan atinxir unhas competencias lingüísticas moito próximas ou mesmo semellantes ás que posúen os e as falantes nativas. Neste contexto, tal como sinala Jaffe (2015: 26), a categoría de falante

tradicional tamén levanta dúbidas canto á identidade duradeira das persoas neofalantes, quere dicir, un suxeito neofalante é neofalante eternamente, ou a consecución de determinados tipos de competencias e usos lingüísticos acaban por eliminar o modificador “neo”? Como se verá a seguir, este é un tema de difícil tratamento, pois os propios e as propias falantes cuestionan e rexeitan adoito as etiquetas ou rótulos que se lles atribúen, cal é o caso de “neofalante” ou “galego urbano”, na medida en que os consideran depreciativos e/ou demasiado xenéricos.

Sexa como for, o que é claro é que as novas e os novos falantes demandan recoñecemento como grupo social e lingüístico, embora, consoante O'Rourke & Ramallo (2018: 104), ás veces mostren un sentimento de inseguranza ao exixiren tales reivindicacións, desvalorizando deste modo a súa propia capacidade lingüística e negándose a si propios o dereito de existiren como falantes reais ou lexítimos. Porén, paradoxalmente, a maioría destes individuos é consciente de que o modelo lingüístico tradicional que visa alcanzar no futuro está a desaparecer e que, por conseguinte, o seu uso activo e consciente do galego é fundamental para garantir a súa sobrevivencia.

Con todo, conforme se verá nas páxinas seguintes, a capacidade de poder falar o galego nin sempre é suficiente para unha persoa decidir dar o paso e desloca definitivamente a súa lingua inicial. Hai moitos elementos que desempeñan un papel fundamental neste proceso, a saber: o dominio formal do idioma, o grao de seguranza lingüística, o nivel de motivación, as ideoloxías lingüísticas e a norma social imperante na comunidade de práctica de que fai parte o suxeito, entre moitos outros.

Capítulo 4. Análise e discusión

O presente capítulo ofrece un retrato global do novo usuariado do galego na Facultade de Filoloxía da UDC. Para esta finalidade, abordaremos cuestións relacionadas coa biografía, a identidade, as motivacións e os usos lingüísticos destas persoas neofalantes, dando especial atención ás razóns para a mudanza de lingua e ao papel que desempeña este colectivo no porvir do idioma galego.

4.1. Biografías lingüísticas

Conforme xa se referiu, a proximidade lingüística entre o galego e o español torna posíbel que a maioría da poboación que mora na Galiza sexa bilingüe e posúa un elevado nivel de proficiencia en ambos os idiomas. Esta particularidade verificase en todas as persoas neofalantes consultadas, inclusive no caso de NF9, que se mudou de Portugal para a Galiza hai apenas cinco anos por razóns profesionais. Por conseguinte, podemos afirmar que, a pesar de estes e estas utentes non teren o galego como lingua nativa, todos e todas elas dominan e se desenvolven correctamente neste idioma. Con base no exposto, identificamos cinco momentos fundamentais en que se produce a mudanza lingüística, os cales corresponden parcialmente aos establecidos por Pujolar, González, & Martínez (2010: 67) no caso do catalán: o acceso ao ensino primario, o ingreso no ensino secundario obrigatorio, a entrada na universidade e o desllocamento de residencia.

Como se observa claramente, as mudanzas lingüísticas están estreitamente ligadas a acontecementos “críticos” no ciclo vital das persoas, o que explica o feito de a escola secundaria e a universidade seren os momentos en que a maioría das e dos informantes decidiron desllocar total o parcialmente o español. Na realidade, cinco das nove persoas participantes neste estudo declararon que o instituto constituíu o espazo en que comezaron a

falar galego, mais que foi durante o seu percurso universitario cando deron o paso de falaren este idioma sempre ou habitualmente:

(1) Comecei a falar galego aproximadamente en cuarto da ESO ou primeiro de Bacharelato.

Despois xa cando entrei na universidade comecei a falar de maneira monolingüe. (NF8)

Noutros casos, a universidade é o primeiro espazo que ofrece a estas persoas un ambiente favorábel para poren en práctica os coñecementos adquiridos durante a infancia e a adolescencia:

(2) Os meus amigos non falan galego. Entón, cando cheguei á universidade foi cando tiven

un pouco máis a oportunidade de coñecer xente que si falaba galego. (NF2)

Porén, o deslocamento da lingua inicial tamén pode acontecer moito máis cedo, como é o caso de NF7, quen, a pesar de nacer e morar durante seis anos na Suíza, adoptou rapidamente o uso da lingua dominante entre os seus colegas de escola cando a súa familia se estableceu nunha pequena vila coruñesa:

(3) O meu irmán e mais eu *falábamos* francés no día a día. Despois tivemos que vir *pa*

Galiza e tivemos que aprender de maneira simultánea tanto o galego como o español. Ao

vivirmos nunha vila, era moito máis fácil falar e conservar o galego. (NF7)

Do mesmo modo, o interese cara ao galego pode estar motivado por unha mudanza de residencia. Así, estas persoas, que exhiben adoito unha actitude proactiva relativamente ao idioma, aproveitan a presenza ambiental de galegofalantes e comezan a usar esta lingua socialmente:

(4) Comecei a falar galego progresivamente. Comecei a aprender un pouco cos alumnos, dos

erros que daban nas aulas de portugués, e, a partir de aí, un pouco o vocabulario. Fun

copiando. Dábame un pouco de vergoña ao inicio, mais creo que en tres meses fun capaz de mudar. (NF9)

4.2. Razóns para aprender a lingua

A principal razón que levou as e os informantes a decidiren falar galego foi preservar e transmitir o idioma. Destaca, neste contexto, a grande consciencia lingüística e o forte sentido de responsabilidade social que mostran estas persoas neofalantes. Así, NF1 e NF6 din o seguinte a propósito deste asunto:

(5) O meu proceso de conversión orixinouse, en parte, polo tema de ver o galego como unha especie de herdanza familiar. [...] É a lingua que falan os meus avós [...] e a lingua que se fala nos sitios en que pasei moita parte da miña vida. (NF1)

(6) Tento falar galego para que non se perda a lingua, [...] que me dá moita pena a situación. (NF6)

Por súa vez, NF3 e NF5 mencionaron a cuestión da identidade cultural como a súa principal motivación para se interesaren polo galego e tomaren a decisión de integraren esta lingua na súa vida cotiá:

(7) Tiven unha profesora que me cambiou a vida [...] e, claro, eu empecei a pensar cousas. Pasábame uns libros que me gustaron bastante, como o *Made in Galiza*, e empecei por aí, e despois fun indo nada máis. (NF3)

(8) En terceiro da ESO tiven unha profesora que me gustaban moitísimo as súas aulas e a súa *asignatura*, e, a partir de aí, decidín que quería estudar galego. [...] Gústame moito a literatura e ese tamén foi un feito de que eu queira falar galego. (NF5)

Embora en menor grao, as motivacións de natureza máis integradora tamén estiveron presentes, cal é o caso de NF9:

(9) Eu son portuguesa e non tería a necesidade de falar galego. En principio, eu podería entenderme con galegos en portugués. [...] Agora, evidentemente, se estou aquí, pois necesito facer parte da masa. Son como máis ou menos estranxeira e fago un esforzo para achegarme a vós. (NF9)

Tal como suxiren os exemplos presentados, ningunha das persoas participantes neste estudo fixo alusión á ideoloxía nacionalista como unha motivación para deslocar a lingua dominante. Isto parece apuntar a que a marca de politización que se lle adxudica ao galego talvez sexa discriminatoria, arbitraria ou insuficientemente fundamentada:

(10) Se ti realizas o esforzo de querer ollar o idioma, querer aprendelo e querer usalo, iso xa marca un posicionamento porque te estás interesando por algo en que a maioría da sociedade non está interesada. [...] Agora, iso inmediatamente non te converte nun nacionalista do BNG. Podes ter uns posicionamentos meramente galeguistas. (NF8)

4.3. Usos lingüísticos

No que di respecto aos usos lingüísticos destes novos e novas falantes, os resultados son asaz diversos, unha vez que a frecuencia de uso está condicionada polo contexto sociolingüístico en que vive a persoa neofalante e pola existencia de redes sociais estábeis. A empregarmos máis unha vez a proposta de clasificación de Ramallo & O'Rourke (2014: 100), podemos identificar cinco persoas neofalantes esenciais, un suxeito neofalante funcional e dúas persoas neofalantes ocasionais. Como vira lóxico, as e os neofalantes esenciais son os utentes que falan galego sempre ou habitualmente, ao paso que as persoas neofalantes funcionais e ocasionais empregan esta lingua só en determinados contextos.

Neste sentido, todas e todos os participantes cuxos usos lingüísticos se axustan ao perfil de neofalante esencial deslocaron completamente a súa primeira lingua e son monolingües en galego. Así, embora con certas dificultades, como se verá a seguir, estas persoas móstranse persistentes e firmes na súa escolla lingüística, a manteren o galego mesmo cando o interlocutor ou a interlocutora inicia unha conversa en español:

(11) Eu sempre falo galego. Con calquera persoa o primeiro contacto sempre vai ser en galego. Se ben é certo que hai xente que acostuma a facerme as respostas ou contestarme en español, sigo falando en galego. Non considero que sexa unha falta de educación nin nada polo estilo. (NF4)

No que di respecto ás oportunidades para falaren galego, estes individuos mostran unha certa resignación e pesimismo perante o panorama sociolingüístico actual:

(12) A verdade, se te mentalizas de que a persoa coa que estás falando vai falar español e que ti vas falar galego, que é un paso difícil de dar, obviamente, [...] si que tes oportunidade de falar galego. O problema é ter a oportunidade de ouvi-lo. (NF8)

En contrapartida, a única persoa neofalante funcional afirma apenas empregar o idioma con persoas ou en contextos relacionados co ámbito universitario. De resto, a súa vida transcorre en español, pois é a lingua exclusiva ou, cando menos, predominante no seu ambiente social e familiar. Aínda así, declara a súa vontade de aumentar progresivamente o seu uso do galego, mais, ao mesmo tempo, é consciente de que iso non acontecerá en canto vivir nun ambiente pouco favorábel e mesmo adverso ao deslocamento da lingua de poder:

(13) Eu no meu día a día falo español, agás até hai algún tempo que, na universidade, coa xente que me fala en galego, eu falo galego. Á parte, porque me gustaría nun futuro mudar a miña lingua. Gustaríame pero tampouco me sinto moi segura aínda. (NF5)

Por último, como o nome suxire, os e as participantes que encaixan no perfil de neofalante ocasional utilizan o galego esporadicamente e, máis en concreto, nas situacións en que unha persoa principia unha conversación nesta lingua. No entanto, á semellanza do que acontece no caso anterior, estes individuos están abertos á idea de falaren galego con máis frecuencia nun futuro próximo:

(14) Eu a verdade é que falo bastante castelán. Maiormente falo castelán, agás coa xente que me fala galego. No traballo tamén falo castelán, excepto coa xente que me fala galego, e cústame un montón tirar polo galego. (NF6)

4.4. Diferenzas entre neofalantes e paleofalantes

Cando pensamos nas diferenzas entre as persoas neofalantes e paleofalantes, inmediatamente nos veñen á mente cuestións relacionadas coas destrezas e cos recursos lingüísticos. Para algunhas persoas que son falantes nativas, cal é o caso de PF1, as novas e os novos utentes do galego falan “snob”, “de maneira artificial” e “con máis rixidez”. Para outras, no entanto, a liña de separación entre ambas as categorías sociolingüísticas non é tan clara como podería parecer:

(15) Eu non noto tampouco demasiada *diferencia*. Eu non son capaz de recoñecer a un neofalante. Mais, polo que di a xente moitas veces, é por esa maneira de falar que parece que é máis artificial. (PF2)

A maioría das persoas entrevistadas, cando lle foi preguntado sobre este asunto, recoñeceu ser capaz de observar diferenzas entre o modelo de lingua atribuído ao usuariado neofalante e as variedades tradicionais. A este respecto, os nove neofalantes enumeraron unha serie de características, entre as cales se inclúe a realización dos sete fonemas vocálicos, do /ŋ/ e do /ʃ/, a colocación dos pronomes átonos etc. NF8, segundo as súas propias palabras, é o perfil exacto e completo do chamado “neogalego urbano”:

(16) Teño un problema fonético importante co idioma. Pero por exemplo noutras áreas, quizais teña menos problemas. Por exemplo, no ámbito do léxico, estou tentando coidalo. No ámbito morfolóxico tamén. (NF8)

Por seu turno, NF9, a pesar de concordar coas disparidades existentes no plano fonético, afirma, referíndose á lingua das persoas paleofalantes, que unha diferenza significativa “é tamén a cantidade de españolismos que é capaz de introducir unha persoa na mesma frase”. Deixando momentaneamente de lado as cuestións estritamente lingüísticas, cómpre destacarmos as palabras de NF5, quen xulga que, para alén das interferencias do español na súa fala, a rixidez a que fixo referencia PF2 constitúe unha diferenza notoria entre as persoas neofalantes e paleofalantes:

(17) No meu caso, eu diría que a soldura. Eu sinto que en español desenvólome con moita máis soldura, moito máis rápido, e en galego moitas veces teño que pensar. E tamén polo medo a equivocarme, pero eu diría que a soldura é o que máis. (NF5)

Noutros casos, son os propios e as propias novas utentes que consideran que, co pasar do tempo, dispoñen das mesmas competencias lingüísticas que os suxeitos paleofalantes, chegando ao punto de seren “confundidas” con falantes tradicionais:

(18) Eu antes cometía moitos erros. [...] Agora que boto a vista atrás vexo que si que me fun mimetizando [...] e agora non me noto disonante. (NF3)

(19) Foneticamente, eu téñome sorprendido moitas veces con xente que pensaba que eu era paleofalante e resultada ser neofalante. (NF1)

Como acabamos de ver, a fronteira que separa ambas as categorías de falantes é moito tenue. As nocións de neofalante e paleofalante non son antagónicas, mais mutábeis e negociábeis. A aprendizaxe e subsecuente dominio de calquera idioma é un proceso e, como tal, precisa de tempo:

(20) Todo ten un tempo. [...] Non se fixo todo nun día. Pasa que en certos ámbitos hai certa demonización dos neofalantes. Unha persoa pode ser neofalante e pode chegar a pulir os seus erros igual que unha persoa que fala principalmente galego. (NF5)

4.5. Autenticidade e lexitimidade

A cuestión da autenticidade, xuntamente coa da lexitimidade, foi e continúa a ser central no ámbito da pesquisa sociolingüística. Nos casos de linguas minorizadas, estes atributos teñen sido fortemente ligados ás variedades de lingua da poboación rural que mora en comunidades isoladas, a seren eses e esas falantes as gardiás da “verdadeira” identidade lingüística. Hoxe en día, a pesar de os tempos mudaren, este discurso continúa a vigorar, nomeadamente entre as novas xeracións de falantes tradicionais:

(21) A nosa lingua pode que si que sexa máis auténtica, pero tampouco considero que sexa nin mellor nin peor que a dos neofalantes. (PF1)

(22) Eu si que penso que a lingua dos falantes tradicionais é máis auténtica e lexítima. O importante de todo é seguir a tradición, penso. (PF2)

Con este pano de fondo, as persoas neofalantes son albo constante de críticas, por parte de paleofalantes, de españolfalantes e mesmo doutros neofalantes, o que se traduce nun sentimento de frustración:

(23) Se dis luns e dis de combinar, automaticamente o teu galego é artificial e non é tan lexítimo como o deles porque non está vivo na fala. (NF5)

(24) Para eles o galego é unha cousa que, ou naces con el, ou non naces. [...] E se non che sae, xa non che vai *a* saír no resto da túa vida. (NF8)

Na verdade, con excepción de NF8, todas as persoas participantes se ven reflectidas na variedade estándar da lingua. Mesmo así, afirman que o “galego tradicional” é máis auténtico que o seu e que, por conseguinte, constitúe un referente do idioma que queren falar no futuro. Do seu punto de vista, “o galego como que se está erosionando e está indo cara ao castelán” (NF3) e, por esa razón, cómpre prestarmos “moita atención á fonética das persoas paleofalantes, [...] porque queremos modelos de lingua viva e auténticos” (NF6). Porén, como salienta NF1, o feito de o galego tradicional ser “máis auténtico e máis diferente do castelán [...] non se debe utilizar como unha maneira de desprezar *aos* neofalantes”. Ás veces, a presión que senten estas persoas para atinxiren eses trazos que “non teñen” é tan grande que mesmo chega a lles causar fonda preocupación:

(25) O galego con sete vogais non me sae de dentro. Entón claro, iso é unha eiva que me tortura cada vez que vou *a* durmir polas noites. E despois tamén teño unha sensación, por

algún comentario que me teñen dito, de que o meu galego é algo artificioso ou que é algo artificial. (NF8)

Con todo, independentemente da (auto)crítica e da velocidade con que as persoas neofalantes parecen identificar o que “non teñen”, todas elas consideran que a súa respectiva variedade de galego é lexítima e que, por tanto, merece ser aceptada ou, cando menos, respectada. Como ben sintetiza NF7,

(26) O galego é o estándar, entón non considero que sexa máis enxebre que o outro. [...] Hai un estándar e despois son achegas que tamén enriquecen e dan diversidade. Non é unha loita que hai que facer.

4.6. Actitudes en relación coa lingua galega

Todos e todas as participantes mostraron actitudes moito positivas en relación co galego, como sería de prever téndomos en conta o esforzo e as dificultades que provoca o desllocamento tanto total canto parcial da lingua dominante. Neste sentido, as persoas neofalantes tiveron de ultrapasar múltiples obstáculos, a saber: un ambiente con pouca ou nula presenza do galego, a presión social do español, a inseguranza lingüística etc. Porén, como xa verificamos, os e as novas utentes cunha actitude máis proactiva conseguiron desenvolver estratexias para superaren as adversidades e comezaren a falar galego sempre ou habitualmente, ao paso que as persoas participantes cunha actitude máis reactiva non conseguiron ou aínda se encontran en proceso de daren este paso fóra do espazo da universidade. Ora ben, a adopción dunha actitude proactiva exige un compromiso e un esforzo especiais, e nin sempre é doado en todos os contextos.

Por súa vez, o nivel de proactividade a respecto do galego decorre en paralelo co grao de consciencia lingüística. Así, embora todos e todas as entrevistadas, inclusive os suxeitos españolfalantes, manifesten a súa preocupación canto ao futuro do idioma, son as persoas neofalantes esenciais as que máis “senten a necesidade de falaren ou se expresaren en galego e [...] de educar os seus fillos en galego e facer esa transmisión xeracional” (NF5). Outrosí, estas actitudes positivas máis proactivas están espelladas no compromiso coa calidade lingüística. A este respecto, NF7 afirma que o grao de atención posto no idioma “di moito da persoa que está a falar. Como en calquera outra lingua, intentas sempre expresarte da mellor forma posíbel”. Igualmente, para NF8, é importante “ter calidade lingüística porque se non é que basicamente non facemos unha fronteira entre os dous idiomas que se falan na Galiza”. Noutra perspectiva, consoante NF9, a importancia da calidade da lingua reside

(27) no valor social que se dá a esa lingua. A partir do momento en que entendermos que o galego pode ter tanta calidade ou pode estar ao nivel dun catalán académico, dun español falado no Parlamento ou dun portugués totalmente normalizado. A partir dese momento, creo que *deixaríamos* de ter tantos problemas como temos para a xente falar galego. (NF9)

4.7. Identidades lingüísticas

Conforme se referiu atrás, as categorías de tipos de falantes non son fixas, mais poden construírse, modificarse e desaparecer nun dado momento. De acordo con Ortega, Amorrortu, Goirigolzarri, & Urla (2016: 195), a nivel individual, as persoas interiorizan ou cuestionan estas “etiquetas”, mais é en referencia a elas que constrúen a súa identidade lingüística. Na Galiza, o termo neofalante ten adoito connotacións negativas, debido principalmente ao uso que fan del ou da noción que implica os e as falantes tradicionais, ben como algúns sectores españolfalantes. Por esta razón, non é de estrañar que todas as persoas consultadas rexeitasen

esa categoría, quer por a consideraren depreciativa, quer por veren superada esa dicotomía. A seguir, presentamos algúns exemplos:

(28) Eu aínda así considérome simplemente galegofalante, quero dicir, eu falo galego con moitas dificultades, pero non considero que fale unha variedade híbrida. (NF9)

(29) No final, ao falar, eu só vexo galegofalantes. [...] Eu son galegofalante. (NF3)

(30) Eu creo que son galegofalante porque é o que practico, é o que falo. Eu falo galego e son galegofalante. (NF9)

Así, estes individuos resístense a aceptaren que a categoría de neofalante os defina como utentes por un tempo indeterminado. Embora nalgún momento das súas respectivas traxectorias lingüísticas se sentisen identificados co rótulo “neo”, xulgan que, máis do que unha simple cuestión de tempo, a progresión de neofalante cara a galegofalante está asociada á seguranza lingüística de cada utente:

(31) Eu creo que é unha cuestión de competencia lingüística. Se ti podes atinxir un nivel bastante alto e te podes sentir seguro nas túas interaccións, polo menos sociais, eu creo que deixas de ser neofalante, por moito que pase por exemplo seis meses ou un ano. (NF9)

(32) Depende moito das habilidades persoais e sobre todo das ganas do propio neofalante de mellorar o seu idioma. (NF6)

Algo semellante acontece no caso das persoas paleofalantes entrevistadas, pois tamén rexeitan con firmeza os rótulos de “falante tradicional” ou “paleofalante”. Isto demostra que as antecitadas etiquetas son todo menos neutras, xa que van moito alén da simple clasificación dos e das falantes segundo o seu modo de adquisición da lingua.

4.8. Valor e función das persoas neofalantes na sociedade galega

Téndomos en conta a delicada situación en que se encontra o galego na actualidade, torna difícil pór en dúbida o papel revitalizador e dinamizador que desempeñan as persoas neofalantes, pois aínda que constitúen apenas 2% da poboación (véxase 3.2), contribúen para a visibilización da lingua a través do seu uso activo e consciente. Con efecto, de forma unánime, todos os suxeitos participantes, inclusive os españoalfalantes e os paleofalantes, concordaron canto á importancia deste colectivo no momento de garantir un futuro digno para o galego:

(33) Eu penso que os neofalantes son o futuro porque, ao fin ao cabo, a maioría das persoas que falan galego tradicional sempre están máis corrompidas polo español en certa medida, [...] e unha persoa neofalante xa o colle con vontade depurativa. (PF2)

NF5 destaca o potencial de mobilización social que caracteriza esta minoría activa, unha vez que, paseniñamente, está a mudar desde abaixo a rixida estrutura sociolingüística que impera na Galiza desde hai séculos:

(34) É moi interesante o fenómeno do neofalantismo, como atrae outra xente. [...] Se ben pode que non debeñan monolingües en galego, mais si bilingües máis ou menos harmónicos e activos. (NF5)

Outra participante vai máis lonxe e afirma que os novos e novas utentes do galego son a última e talvez a única esperanza de sobrevivir que ten esta lingua. Así, de acordo con NF9, as persoas neofalantes serán as encargadas de aseguraren a transmisión do idioma de xeración en xeración:

(35) Os neofalantes son a nosa última esperanza. Son eses que van criar os seus fillos en galego, e o galego vai a ser a súa lingua materna. Entón, probabelmente, aí reside o reverter da pirámide que vemos agora. (NF9)

Sexa como for, non hai dúbida de que estamos perante un colectivo que debe ser encoraxado e posto en valor. Só así se poderá comprender a complexidade deste fenómeno sociolingüístico e axir en conformidade:

(36) Obviamente, que alguén estea a falar en galego xa ten o seu mérito. Se alguén novo decidiu trocar a súa lingua para falar en galego, hai que aceptalo e motivalo para que siga. (NF7)

Capítulo 5. Conclusións

Após o percurso seguido nas páxinas precedentes, non parece haber moita dúbida de que o destino do galego está ligado, en grande parte, á emerxencia de novos e novas falantes no panorama sociolingüístico galego. Así, ao longo dos diversos capítulos que conforman este contributo, abordamos tan pormenorizadamente canto posíbel algunhas cuestións centrais, que abranxen desde o establecemento dun marco teórico a respecto dos conceptos de “neofalantismo” e de “neofalante”, tendo en conta a evolución das diferentes correntes europeas, peninsulares e galegas no dominio dos estudos sobre as linguas minorizadas, até ao estudo do fenómeno do neofalantismo na Galiza e, máis particularmente, na Facultade de Filoloxía da UDC. Neste sentido, a nosa análise revela a complexidade e a multiplicidade de dimensións da noción de neofalante, ao paso que verifica o papel chave deste colectivo no porvir do idioma galego.

Os resultados que presentamos confirman que estas persoas teñen perfís moito diversos e que as razóns para deslocaren a súa lingua inicial nin sempre son coincidentes. Porén, unha cuestión esencial na cal coinciden é na súa vontade de falaren galego e de contribuíren para a súa sobrevivencia, en maior ou menor medida. Así, mesmo sen seren ás veces conscientes do importante labor que están a desenvolver a prol da normalización lingüística, estas persoas están a quebrar vellos e novos preconceptos, a contribuíren co seu uso activo e consciente do idioma para a mudanza das estruturas de poder que, aínda hoxe, manteñen o galego lonxe de múltiples ámbitos.

Infelizmente, sen un apoio institucional destinado a alargar esta reserva de novos e novas utentes, as hipóteses de a lingua sobrevivir e crecer a longo prazo son escasas. Se esta cuestión non for abordada, probabelmente sempre haberá pequenos grupos de persoas neofalantes, mais o único que poderán facer é empregaren unha lingua que camiña

progresivamente cara á súa substitución, coa perda en termos sociais e culturais que iso implica. Para conseguir tal obxectivo de aumentar o número de neofalantes, da pesquisa realizada entre algúns (ex)alumnos e (ex)alumnas da Facultade de Filoloxía da UDC pódense tirar algunhas ideas úteis, como son o máximo aproveitamento do grande potencial de atracción de novas e novos falantes que ofrece o espazo universitario, unha vez que proporciona ao estudiantado españolfalante e neofalante un ambiente confortábel e seguro en que desenvolver e perfeccionar as súas competencias lingüísticas, e a utilización da literatura galega como unha ferramenta que, alén de contribuír para o reforzo de coñecementos de natureza lingüística, axuda a entender mellor a historia, a cultura e as tradicións da Galiza, facilitando deste modo a creación dun vínculo afectivo entre os suxeitos neofalantes potenciais e o idioma galego.

Bibliografía citada

- Amengual, Mark, & Chamorro, Pilar (2015). “The effects of language dominance in the perception and production of the Galician mid vowel contrasts”, *Phonetica*, 72(4), 207-236. DOI: <http://dx.doi.org/10.1159/000439406>.
- Atkinson, David (2018). “New Speakers and Linguistic Practices: Contexts, Definitions, and Issues”. En Smith-Christmas, Cassie, Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby, Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*, 271-282. London: Palgrave Macmillan. DOI: https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_14.
- Casesnoves, Raquel (2010). “¿Qué seduce más a los jóvenes: hablar castellano o valenciano?”, *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*. Universidad de Valladolid, 21-23 de junio, 468-482. https://www.academia.edu/7538200/_Qu%C3%A9_seduce_m%C3%A1s_a_los%C3%B3venes_hablar_castellano_o_valenciano (Consultado en 28.02.2019).
- Casesnoves, Raquel (2016). “La seducción de las lenguas y los jóvenes (2ª parte): estudio sobre mudas lingüísticas y neohablantes”, *ELUA*, 30, 43-60. DOI: <http://dx.doi.org/10.14198/ELUA2016.30.02>.
- Chomsky, Noam (1971). *Aspectos de la teoría de la sintaxis*. Trad. de Carlos P. Otero. Madrid: Aguilar. [Título orixinal: *Aspects of the Theory of Syntax*, 1965].
- Coluzzi, Paolo (2018). “The new speakers of Lombard”, *Multilingua*, 1-25. DOI: <https://doi.org/10.1515/multi-2018-0017>.
- Costa, James (2015). “New Speakers, New Language: On Being a Legitimate Speaker of a Minority Language in Provence”, *International Journal of the Sociology of Language*, 231(1), 127-145. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0035>.

- Crystal, David (2003). *A morte das linguas*. Trad. de Mariña Castro Eiroa. Vigo: Galaxia.
[Título orixinal: *Language Death*, 2000].
- Dans, Manuel B. (2017). *Historias de neofalantes. A aventura de vivermos en galego*.
Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella.
- Davies, Alan (2003). *The Native Speaker: Myth and Reality*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Dorian, Nancy C. (1980). “Language Shift in Community and Individual: The Phenomenon of
the Laggard Semi-Speaker”, *International Journal of the Sociology of Language*, 25,
85-94. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl.1980.25.85>.
- Dorian, Nancy C. (1981). *Language Death. The Life Cycle of a Scottish Gaelic Dialect*.
Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
- Dubert, Francisco (2002). “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de Lingua*, 24, 5–27.
- Ferguson, Gibson (2006). *Language Planning and Education*. Edinburgh: Edinburgh
University Press.
- Fishman, Joshua A. (1991). *Reversing language shift: Theoretical and empirical foundations
of assistance to threatened languages*. Clevedon & Philadelphia: Multilingual Matters.
- Fishman, Joshua A. (1997). *O mantemento e o cambio de lingua coma campo de
investigación*. Trad. de Manuel Fernández Ferreiro. Valencia: Centro de Estudos sobre
Comunicación Interlingüística e Intercultural. [Título orixinal: *Language Maintenance
and Language Shift as a field of inquiry. A definition of the field and suggestions for its
further development*, 1964].
- Fishman, Joshua A. (2001). “Why is it so hard to save a threatened language?”. En Fishman,
Joshua A. (ed.), *Can threatened languages be saved? Reversing language shift,
revisited: A 21st century perspective*, 1-22. Clevedon: Multilingual Matters.

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). “Lingua galega e preconceito”, *Revista Galega de Filoloxía*, 10, 115-144.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”. En Sanmartín Rei, Goretti (coord.), *Lingua e futuro*, 13-54. Ames: Laiovento.
- Frías Conde, Xavier (2006). “A normalización lingüística na Romania: a normalización da lingua e normalización dos falantes (o caso dos neofalantes)”, *Ianua. Revista Philologica Romanica*, 6, 49-68.
- González González, Manuel (dir.) (2003). *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel (2008). “O novo galego urbano”. En Brea, Mercedes, Fernández Rei, Francisco, & Regueira, Xosé Luís (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, 363-374. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Hornsby, Michael (2015). “The ‘new’ and ‘traditional’ speaker dichotomy: bridging the gap”, *International Journal of the Sociology of Language*, 231(1), 107-125. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0034>.
- Hornsby, Michael (2016). “Finding an ideological niche for new speakers in a minoritised language community”, *Language, Culture and Curriculum*, 30(1), 1-14. DOI: <https://doi.org/10.1080/07908318.2016.1230622>.
- Ibáñez, Jesús (1992). *Más allá de la sociología. El grupo de discusión: técnica y crítica*. Madrid: Siglo XXI de España.

- Iglesias Álvarez, Ana (2002). *Falar galego “no veo por qué”: Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- IGE, 2011= Instituto Galego de Estatística (2011). *Censo de poboación e vivendas. Galego. Ano 2011*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Jaffe, Alexandra (2015). “Defining the new speaker: theoretical perspectives and learner trajectories”, *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 21-44. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0030>.
- Kabatek, Johannes (2000). *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Trad. do autor revisada por María Xesús Bello Rivas. Vigo: Xerais. [Título orixinal: *Die Sprecher als Linguisten: Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*, 1996].
- Kováčová-Moman, Vlasta (2007). *A mudança da língua usual nos novos locutores de galego – neofalantes*. Santiago de Compostela: Gze-ditora. https://agal-gz.org/faq/lib/exe/fetch.php?media=gze-ditora:a_mudanca_de_lingua.pdf (Consultado en 14.03.2019).
- Lantto, Hanna (2018). “New Basques and Code-Switching: Purist Tendencies, Social Pressures”. En Smith-Christmas, Cassie, Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby, Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*, 165-188. London: Palgrave Macmillan. DOI: https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_9.
- Lorenzo Suárez, Anxo M. (2005). “Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego”, *Cadernos de Lingua*, 27, 37-59.
- Marten, Heiko F., van Mensel, Luk, & Gorter, Durk (2012). “Studying Minority Languages in the Linguistic Landscape”. En Gorter, Durk, Marten, Heiko F., & Van Mensel, Luk

- (eds.), *Minority languages in the linguistic landscape*, 1-15. Basingstoke: Palgrave-Macmillan.
- May, Stephen (2008). *Language and minority rights: ethnicity, nationalism and the politics of language*. New York: Routledge.
- McLeod, Wilson, & O'Rourke, Bernadette (2015). "«New speakers» of Gaelic: perceptions of linguistic authenticity and appropriateness", *Applied Linguistics Review*, 6(2), 152-172. DOI: <https://doi.org/10.1515/applirev-2015-0008>.
- McLeod, Wilson, O'Rourke, Bernadette, & Dunmore, Stuart (2014). *New speakers of Gaelic in Edinburgh and Glasgow*. Edinburgh: Soillse. <http://www.soillse.ac.uk/wp-content/uploads/New-Speakers%E2%80%99-of-Gaelic-in-Edinburgh-and-Glasgow.pdf> (Consultado en 10.03.2019).
- Monteagudo, Henrique (2005). "Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)". En Álvarez, Rosario, & Monteagudo, Henrique (eds.), *Norma lingüística e variación*, 377-436. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Instituto da Lingua Galega.
- Monteagudo, Henrique (2017). "Lingua e Sociedade en Galicia", *LaborHistórico*, 3(1), 14-48. DOI: <http://dx.doi.org/10.24206/lh.v3i1.17105>.
- Monteagudo, Henrique, Loredó, Xaquín, & Vázquez, Martín (2016). *Lingua e Sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moscovici, Serge, & Mugny, Gabriel (1983). "Minority influence". En Paulus, Paul B. (ed.), *Basic Group Processes*, 41-64. New York: Springer-Verlag.
- Mosquera Castro, Estefanía (2018). "Neofalantes e travestismo lingüístico: un experimento sociolóxico e didáctico sobre ideoloxías, obstáculos e persistencia". En Díaz, Marta, Vaamonde, Gael, Varela, Ana, Cabeza, M^a Carmen, García-Miguel, José M., &

- Ramallo, Fernando (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, 655-661. Vigo: Universidade de Vigo.
- MSG, 2007= González González, Manuel (dir.) (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. I: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- MSG, 2008= González González, Manuel (dir.) (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. II: Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- MSG, 2011= González González, Manuel (dir.) (2011). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 3: Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby, Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (2018). “New Speakers, Familiar Concepts?”. En Smith-Christmas, Cassie, Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby, Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*, 1-22. London: Palgrave Macmillan. DOI: https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_1.
- Ninyoles, Rafael L. (2005). *Idioma e poder social*. Trad. de María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez. Ames: Latiovento. [Título orixinal: *Idioma y poder social*, 1972].
- Observatorio da Cultura Galega (2011). *A(s) lingua(s) a debate: Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Observatorio da Cultura Galega (2017). *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- O'Rourke, Bernadette (2011). *Galician and Irish in the European Context: Attitudes towards Weak and Strong Minority Languages*. Hampshire: Palgrave Macmillan. DOI: <http://dx.doi.org/10.1057/9780230294820>.
- O'Rourke, Bernadette (2014). "The Galician language in the twenty-first century". En Miguélez-Carballeira, Helena (ed.), *A Companion to Galician Culture*, 73-92. Suffolk: Tamesis.
- O'Rourke, Bernadette (2018). "Just use it! Linguistic conversion and identities of resistance amongst Galician new speakers", *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 39(5), 407-418. DOI: <https://doi.org/10.1080/01434632.2018.1429455>.
- O'Rourke, Bernadette, & Pujolar, Joan (2013). "From native speakers to "new speakers"—Problematizing nativeness in language revitalization contexts", *Histoire Épistémologie Langage*, 35(2), 47-67.
- O'Rourke, Bernadette, & Pujolar, Joan (2015). "New speakers and processes of new speakerness across time and space", *Applied Linguistics Review*, 6(2), 145-150. DOI: <https://doi.org/10.1515/applirev-2015-0007>.
- O'Rourke, Bernadette, & Ramallo, Fernando (2011). "Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia", *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*, 1684-1700. Valladolid: Universidad de Valladolid. https://www.academia.edu/1168315/Los_nuevos_hablantes_de_lenguas_minoritarias_una_comparaci%C3%B3n_entre_Irlanda_y_Galicia (Consultado en 10.03.2019).
- O'Rourke, Bernadette, & Ramallo, Fernando (2013a). "«A miña variedade é defectuosa»: a lexitimación social das neofalas", *Estudos de Lingüística Galega*, 5, 89-103.

- O'Rourke, Bernadette, & Ramallo, Fernando (2013b). "Competing ideologies of linguistic authority amongst newspeakers in contemporary Galicia", *Language in Society*, 42, 287-305. DOI: <https://doi.org/10.1017/S0047404513000419>.
- O'Rourke, Bernadette, & Ramallo, Fernando (2015). "Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician", *International Journal for the Sociology of Language*, 231, 147-165. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0036>.
- O'Rourke, Bernadette, & Ramallo, Fernando (2018). "Identities and new speakers of minority languages: A focus on Galician". En Smith-Christmas, Cassie, Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby, Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*, 91-109. London: Palgrave Macmillan. DOI: https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_5.
- O'Rourke, Bernadette, Pujolar, Joan, & Ramallo, Fernando (2015). "New speakers of minority languages: The challenging opportunity – Foreword", *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 1-20. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0029>.
- O'Rourke, Bernadette, & Walsh, John (2015). "New speakers of Irish: Shifting boundaries across time and space", *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 63-83. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0032>.
- Ortega, Ane, Amorrortu, Estibaliz, Goirigolzarri, Jone, Urla, Jacqueline, & Uranga, Belén (2014). "Nuevos hablantes de euskera: identidad y legitimidad". En Puigdevall, Maite (coord.), *Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: pertinencias y legitimidades* [dossier en línia], *Digithum*, 16, 86-97. <https://www.raco.cat/index.php/Digit/article/viewFile/304440/394158> (Consultado en 22.03.2019).

- Ortega, Ane, Amorrortu, Estibaliz, Goirigolzarri, Jone, & Urla, Jacqueline (2016). *Los nuevos hablantes de euskera: experiencias, actitudes e identidades*. Bilbao: Universidad de Deusto. <https://blogs.deusto.es/euskalgaiak/wp-content/uploads/2016/11/Nuevos-hablantes-de-euskera-DIG.pdf> (Consultado en 26.03.2019).
- Ortí, Alfonso (1986). “La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo”. En García Ferrando, Manuel, Ibáñez, Jesús, & Alvira, Francisco (comps.), *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*, 153-185. Madrid: Alianza.
- Padín, Paulo (2017). *Neofalantes na Era Digital*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. <http://hdl.handle.net/10609/66845> (Consultado en 15.02.2019).
- Paikeday, Thomas M. (1985). *The Native speaker is dead!*. Toronto & New York: Paikeday.
- Piller, Ingrid (2001). “Who, if anyone, is a native speaker?”, *Anglistik. Mitteilungen des Verbandes Deutscher Anglisten*, 12(2), 109-121.
- Piller, Ingrid (2002). “Passing for a native speaker: Identity and success in second language learning”, *Journal of Sociolinguistics*, 6(2), 179-206.
- Puigdevall, Maite, Walsh, John, Amorrortu, Estibaliz, & Ortega, Ane (2018). “«I’ll be one of them»: linguistic mudes and new speakers in three minority language contexts”, *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 39(5), 445-457. DOI: <https://doi.org/10.1080/01434632.2018.1429453>.
- Pujolar, Joan, González, Isaac, & Martínez, Roger (2010). “Les mudes lingüístiques dels joves catalans [versión en español do autor]”, *Llengua i ús*, 48, 65-75. http://www6.gencat.net/llengcat/liu/48_42.pdf (Consultado en 19.03.2019).

- Pujolar, Joan, & Puigdevall, Maite (2015). “Linguistic mudes: how to become a new speaker in Catalonia”, *International Journal of the Sociology of Language*, 231, 167–187. DOI: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0037>.
- Ramallo, Fernando (2010). “Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego”. En Silva, Bieito, Rodríguez, Xesús, & Vaquero, Isabel (eds.), *Educación e linguas en Galicia*, 15-37. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ramallo, Fernando (2012). “El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción”, *Caplletra*, 53, 167-191.
- Ramallo, Fernando (2013). “Neofalantismo”. En Gugenberger, Eva, Monteagudo, Henrique, & Rei-Doval, Gabriel (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, 245-258. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ramallo, Fernando (2018). “O neofalantismo e o suxeito neofalante”. En Díaz, Marta, Vaamonde, Gael, Varela, Ana, Cabeza, M^a Carmen, García-Miguel, José M., & Ramallo, Fernando (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, 737-743. Vigo: Universidade de Vigo.
- Ramallo, Fernando, & O’Rourke, Bernadette (2014). “Perfiles de neohablantes de gallego”, *Digithum*, 16, 98-105.
- Regueira, Xosé Luís (1999). “Estándar oral e variación social da lingua galega”. En Álvarez, Rosario, & Vilavedra, Dolores (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, 855-875. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Selleck, Charlotte (2018). “«We’re Not Fully Welsh»: Hierarchies of Belonging and ‘New’ Speakers of Welsh”. En Smith-Christmas, Cassie, Murchadha, Noel P. Ó, Hornsby,

- Michael, Smith-Christmas, Cassie, & Moriarty, Máiréad (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices*, 45-66. London: Palgrave Macmillan. DOI: https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6_3.
- E** mais CRES que é posíbel que faga - parte do teu día a día nalgún momento da

túa vida.

EF2 pues : : nunca digas nunca (.) pero : : (0,5) en principio : : pienso que no
(0,5)

E daquela : : (.) non PENsas que é importante que os teus fillos e fillas (.) se os
tiveres (.) aprendan e falen este idioma.
(.)

EF2 pues : : - pues la verdad es que NUNca pensé en eso (.) la verdad es que : : (.)
bueno : : (.) <no me importaría> (.) pero tampoco me preocupa que no sepan
hablarlo (.) aquí con el español se va a todas partes (.) y con el gallego fuera : :
- fuera de aquí no puedes hablarlo en ninguna parte
(0,5)

E achas entón que o galego apenas é válido en determinados ámbitos e espazos.
(.)

EF2 pues si (.) sin duda (.) >porque fuera de Galicia no puedes hablarlo<
(.)

E e aquí dentro : : - dentro da Galiza >piensas que é válido para todos os
ámbitos<.
(0,5)

EF2 aquí. (.) yo creo aquí que sí puedes hablar gallego en todas partes (.) pero : :
también español
(0,5)

E entón : : (.) PÓdese dicir que : : -que te sentes máis cómoda cando falas
español.
(.)

EF2 sí

E mais : : o feito de non falares galego (.) ten que ver cunha falta de seguranza
lingüística. (.) ou : : cunha falta : : de : : vontade. (.) máis ben.

EF2 pienso que un POCO de las dos cosas (.) no me siento cómoda : : (.) pero
tampoco siento : : (.) >no siento la necesidad de hablarlo<
(0,5)

E PENsas que a túa competencia lingüística non é suficientemente boa.
(.)

EF2 podía ser mejor (1) pero eso es por : : - porque no lo hablo (.) todo sería
cuestión de práctica (.) pienso yo
(.)

E e : : COmo concibes a túa identidade nacional. (.) <galega. española. ambas. ou
outra.>

- (.)
- EF2** menuda pregunta hhhh (.) yo te diRÍA que ambas (.) pero más española que gallega
(1)
- E** a teu ver (.) CAL é a relación entre a lingua e a identidade galegas. (.) <PENsas que están relacionadas dalgunha maneira>.
(.)
- EF2** sí (.) yo creo que sí (.) PIENso que la gente que se siente más gallega : : (.)
suele hablar más gallego que las que no
(0,5)
- E** XULgas que o feito de <falar galego sempre ou habitualmente>é necesario para unha persoa ser autenticamente galega.
(.)
- EF2** menuda pregunta otra vez hhhh (.) yo creo que no
(1)
- E** e conCORDas coa afirmación de que a mudanza de lingua costuma responder a unha determinada orientación política.
(.)
- EF2** sí (.) yo creo que sí (.) PIENso que la política está casi siempre por el medio en estos casos
(1)
- E** PENsas que na actualidade existen menos preconceptos en relación co uso do galego. (.) sobre todo nos espazos urbanos.
(.)
- EF2** sí (.) yo pienso que ahora : : al estar el gallego en el coLEgio (.) ya no hay tantos prejuicios (.) yo (.) por lo menos (.) aunque no hablo gallego (.) no tengo prejuicios hacia la gente que lo habla

Entrevista a paleofalante 1

- E** cantos anos tes.
(.)
- PF1** teño 22 para 23
(0,5)
- E** ONde naciches e en que lugares viviches até este momento.
- PF1** nacín en : Agualada >en Coristanco< e : : >*bueno*< vivín case toda a miña vida alí (.) *hasta* que me *viñen* a facer a carreira á : : Coruña (.) vivín un ano en Dublín (.) de (.) Erasmus (.) e nada (.) sigo na Coruña
(0,5)
- E** >de onde son os teus pais.<
- PF1** miña nai é de Agualada (.) tamén (.) e meu é : dun sitio cerca de Agualada que se chama Couso
(0,5)
- E** e : : cales son as linguas da túa primeira : socialización coa familia (.) quero dicir (.) as linguas (.) coas que : teus pais te falaban : (.) >as que se falaban na túa casa<
(0,5)
- PF1** e : : pois mira na casa excepto miña nai que me falaba *castellano* (.) *bueno* depende : do : - do momento pero (.) maioritariamente *castellano* (.) e : : : *siempre* se falou *gallego* (.) *siempre* (.) na casa
(0,5)
- E** CANdo aprendiches galego.
- PF1** e : : (1) de nacemento [hhhhh]
- E** [hhhhh] entón polo que me contaches na : - na túa casa sempre se falou galego [dunha maneira ou doutra]=
- PF1** [si si]
- E** =mais e no teu entorno social (.) [quero dicir as amizades :]
- PF1** [ta - tamén coas miñas] amigas (*hasta*) de feito *hasta* que cheguei a : : : *bueno* á coruña non (.) cando fun ao instituto para : Carballo (.) que aí si que falan máis castelán que : : tal (.) todo o meu entorno

- de : *amistades de la* : infancia e demais (.) galego sempre
(1)
- E** entón (.) pensas que a familia foi a principal fonte de aprendizaxe (.) non.
(.)
- PF1** si (.) e mais o entorno (.) : *bueno* : (.) veciños e demais
(.)
- E** e cando chegaches á escola xa tiñas interiorizado : : :
(.)
- PF1** si si si (.) xa falaba galego
(0,5)
- E** e : : : costumabas falar galego habitualmente.
(.)
- PF1** sempre
(.)
- E** sempre ((sorrisos))
(.)
- PF1** sempre sempre ((sorrisos)) hhh
(0,5)
- E** relaciónaste máis con persoas : neo - falantes >quero dicir< (.) persoas que :
non sempre : : falaban galego e que se refiren a ti en galego (.) ou cos chamados
falantes nativos ou tradicionais.
(0,5)
- PF1** relaciónome máis cos tradicionais (.) si
(.)
- E** CANdo coñeces unha persoa nova? en que idioma falas.
- PF1** pois : : se : : : é fóra de Galicia (.) en castelán porque non sei (.) *bueno* (.) é ben
probable que non me vaia entender non? (.) se é aquí (.) aínda que me falen en
castelán (.) a non ser que *sepa* que non me van entender (.) en galego sempre
- E** e : : as persoas : mudan de lingua : cando falan contigo (.) refírome a unha
persoa : que normalmente fala castelán (.) cando fala contigo : (.) fala en
galego.
(.)

- PF1** pois : PÁsame bastante a verdade (1) e : : - e notei o cambio cando : : cheguei aquí á Coruña (0,5) como que agora hai máis xente que : : - que se adapta a ti >por así dicilo< que : : cambia ao galego para falar contigo
(.)
- E** sentes a responsabilidade de falares galego? ou fálalo : : como de : : - se >pode dicir de maneira automática porque sempre o falaches<
(.)
- PF1** pois diría que falo de : - de maneira automática (.) pero tamén son consciente (.) de que é importante que : : - que o utilicemos e que o usemos e : : (*bueno*) no día a día
(.)
- E** se nun futuro tiveres fillos ou fillas? (.) PENsas que é importante transmitirlles : a lingua.
(.)
- PF1** si (.) por *supuesto*
(.)
- E** como primeira lingua : >quero dicir< (.) queres [que sexa a lingua : en que : : : :]
(.)
- PF1** [si si si si (.) definitivamente]
(.)
- E** cres que continuarás a falar galego habitualmente : cando : : >rematares os teus estudos universitarios< (.) [supoño que si] hhhhh
- PF1** [por *supuesto*] hhhhh
(1)
- E** como describirías a túa variedade de lingua. (.) galego urbano. (.) que é refírome : : >o galego urbano é como se denomina : : :< o galego : que falan os neofalantes : (refírome) (.) que se critica : normalmente polas cuestións fonéticas (.) galego estándar (.) que é : : o que ensinan : aquí >quero dicir< na escola ou na universidade (.) galego tradicional? (.) ou castrapo.
(.)
- PF1** castrapo (.) diría hhhhhhhh
(.)
- E** non penso eu que [sexa para tanto] (.) mais bon ((sorriso))=

- PF1** [hhhh]
- E** =é como : : : () >digo porque agora tamén hai moita cousa< co do : : : () >é dicir hai xente que defende> (.) [hai de todo nesta vida] hhhh
- PF1** [de todo : : :] hhhh
- E** sénteste cómoda co teu nivel de galego?
- PF1** si (.) supoño que (.) vendo o que hai por aquí (.) pois : : é bastante bo [hhhhh]
- E** [hhhhh] e (.) pensas que te desenvolves ben en todos os rexistros. (.) >quero dicir< rexistro informal : (.) se tiveses que dar unha : : : conferencia hhh ou : : nas exposicións por exemplo >refirome< sénteste cómoda : : empregando : : : un galego máis : : coiDA do (.) se pode dicir (.) que cando falas : : coas amizades. (.)
- PF1** home (.) síntome máis cómoda no : *registro* informal porque é o que uso : - todos os días (.) pero *bueno* (.) penso - que me podo : desenvolver bastante ben (.) nun *registro* formal (0,5)
- E** pensas que a calidade lingüística é importante. (.)
- PF1** a que te refires (con iso) (.)
- E** calidade lingüística : >refirome por exemplo< non : : - non empregarmos moitos castelanismos : >quero dicir< tentar po – colocar unha barreira : se pode dicir entre o español e o galego (.)
- PF1** eu de feito inténtoo (.) o que pasa é que póñome a falar (.) e como estou *acostumbrada* (.) *sáleme* o que me *sale* (.) pero si que intento : : corrixirme un pouco : e eliminar os castelanismos (e demais) (.) pero *bueno* (.)
- E** mais digo (.) pensar pensas que é [importante].
- PF1** [si si claro claro] (.) se non non o intentaría [hhhh]
- E** [hhhh] (.) cales consideras que son as diferenzas : máis salientábeis entre unha persoa : neofalante e un falante tradicional.

(1)

PF1 e : : : se *tivera* que dicir en *términos* técnicos igual non : : - non sabería pero :
(.) nótase como máis rixidez (.) nos : - nos neofalantes que : á hora de falar que
nos *tradicionales* (.) creo
(.)

E pensas que a lingua das persoas neofalantes (.) tende a ser menos valorizada. (.)
máis criticada.
(.)

PF1 si (.) creo que si (.) *o sea* : *bueno* de escoitar comentarios : e : : sabes. (.) como
fala que non : : - non sei dicirche (.) *ahora mismo* (.) >pero *bueno* por *ejemplo*
unha veciña miña< que : : e : : (.) de feito falou : galego toda a vida (.) pero
ahora como que o fala máis : : <cerca da norma por así dicilo> e : miña nai
facíalle *mazo gracia* (.) escoitala : falar así >en plan e esta porque fala así< que
lle pasa *ahora* que fala tan snob
(.)

E considérase un falante - ou unha falante nativa? ou simplemente unha persoa :
galegofalante (.) dígoo porque agora hai como moitas cousas co : : - co das
etiquetas (.) sabes? >por exemplo neste campo agora que estou a estudar :< (.)
son neofalante :? (.) son : falante tradicional? ou simplemente – son : -
galegofalante sen máis (.) >quero dicir< (.) ti falas galego e : [non pensas : : :]

PF1 [galegofalante] (.)
si hhhh
(.)

E PENsas que o termo neofalante pode che - chegar a ser : depreciativo (.)
>quero dicir< con connotacións : más.
(.)

PF1 e : : : eu non o entendo así pero penso que : : *quizás alguna persona* ou : si : (.)
sobre todo desde o punto de vista de falantes *tradicionales* (.) si que *a veces* se
lle dá un pouco esa connotación
(.)

E e : : : do teu punto de vista (.) a lingua dos falantes tradicionais é máis lexítima
e auténtica que a dos neofalantes.
(.)

PF1 e : : hhhhh máis auténtica pode que si hhhh (.) pero : : tampouco considero que
sexa nin : mellor nin peor que: - que a dos neofalantes

- (.)
- E** COmo concibes a túa identidade nacional. (.) galega. (.) española. (.) ambas. (.) outra. (.) máis española que galega. (.) máis galega que española. (.)
(.)
- PF1** e : : máis galega que española (0,5) pero *bueno* (.) española : (.) tamén dentro de : - do que é (.) vamos hhh
(.)
- E** as dúas (.) mais (.) [unha máis que outra]
- PF1** [si (.) si]
(.)
- E** a teu ver (.) cal é a relación entre - galego e identidade galega. (.) refirome a - (.) pensas que : ambos os conceptos están ligados. (1) a lingua e a identidade (.) >refirome o feito de que ti te sintas galega< se ten - se ten a ver : co feito de falares galego.
- PF1** eu penso que - que un pouco relacionado si que está (.) porque ao final a lingua (.) digamos que é : gran parte da identidade dunha nación (.) non? (.) *entonces* : (.)
- E** isto : (.) ten : que ver coa seguinte pregunta (.) e : : : xulgas que o feito de falar galego sempre ou habitualmente é necesario para unha persoa ser autenticamente galega.
(.)
- PF1** non (.) tampouco : (.) pódeste sentir totalmente *gallego* e : - e non : - e non falar a diario non? (.) pero *bueno* (.) si que quizais : haxa esa conexión de : : - é esa idea que ten a xente non? de : : *bueno* >eu vexo moitos galegofalantes< (.) de feito (.) un : : rapaz falaba >o : Día das Letras Galegas do ano pasado creo que fora< (.) de : : criticaba a xente (0,5) que : o Día das Letras Galegas se manifestaba e : : - e falaba en galego e o resto do ano non o facía non? (.) e outra xente (.) polo contrario (.) nas redes (.) se queixaba de que : QUEN era el para xulgar que aquel fora máis galego que outro non? (.) e *entonces* eu penso que hai xente que *eso* si que o leva ao extremo (.) e aínda que : entenda que haxa unha relación coa lingua e coa identidade
(0,5)
- E** e : : dada a situación (.) sociolingüística na Galiza? (.) pensas que o futuro do galego está nas mans das persoas neofalantes.
(1)

PF1 penso que : : (.) é importante que haxa neofalantes (.) se non non habería un avance : (0,5) neste campo

E claro (.) isto está : (.) >quero dicir (.) relaciónase co feito de que sabes que nos últimos anos< cada vez menos xente fala (.) entón : (.) que haxa persoas que teñan [a vontade de decidir :]

PF1 [si si (.) claro (.) si si] paréceme importante (.) °si si°

Entrevista a paleofalante 2

- E** CANtos anos tes (.)
(.)
- PF2** 22 anos
(.)
- E** onde naciches. en que lugares moraches até este momento.
(.)
- PF2** nacín en : : Montreux (.) en Suíza (.) e : : aos : seis anos voltei para : España cos meus pais (.) e : : (.) vivo en Zas e : : na Coruña (.) principalmente
(.)
- E** e : : entón (.) tes unha historia parecida a de Manuel.
(.)
- PF2** si (.) el é de [Bergantiños]
- E** [si (.) mais digo] (.) como el estaba na Suíza tamén
(.)
- PF2** ai si certo (.) certo
(0,5)
- E** e : : os teus pais de onde son.
(.)
- PF2** e : : tam : - son da : - de Zas tamén (.) si
(.)
- E** e : : falan galego (.) eles.
(.)
- PF2** si (.) sempre
(.)
- E** e teus avós.
- PF2** non teño (.) morreron
(.)
- E** mais (.) falaban
(.)

- PF2** si si (.) na miña casa sempre se falou galego
(.)
- E** e : : entón (.) as linguas da túa primeira socialización coa familia foi sempre en galego. (.) non.
(.)
- PF2** sempre (.) si si (.) no colexio e : : (.) en todos (.) os ámbitos
(.)
- E** entón (.) preguntarche cando aprendiches galego hhh (.) vasmе dicir desde sempre (.) e : : tamén na túa casa falábase sempre gaLEgo (.) e no teu entorno social. (.) amiZAdes (.) veCIños : :
(.)
- PF2** todas en galego (.) e : : (.) comecei así a ter algún : : - algún amigo en : : - que falase español (.) pero porque era da Coruña ou : : (.) e cando viñan a : : - a Zas de vacacións no verán ou no fin de semana (.) mais o habitual non era ter amigos que falasen galego - español
(.)
- E** e : : (.) se unha persoa : descoñecida se dirixise a ti en galego (1) costumás falar galego habitualmente (.) falalo sempre.
(.)
- PF2** si (.) sempre
(.)
- E** vale (.) relaciónaste máis con persoas <ºneofalantes (.) ou con persoas falantes tradicionaisº> (.) o que se di
(.)
- PF2** m : : : (.) con falantes tradicionais (.) agora (.) se cadra un pouco máis con : : neofalantes por : : - polo ámbito : académico (.) mais (.) ºsupera de sobra os falantes tradicionaisº
(.)
- E** e cando coñeces unha persoa nova.
(.)
- PF2** en galego sempre
(.)
- E** sempre lle falas en galego.
(.)

- PF2** si (.) si
(.)
- E** e as persoas mudan de lingua cando falan contigo. unha persoa españolfalante.
(1)
- PF2** se son descoñecidos si (.) si que me ten pasado (.) que sei que : : eu vou aquí á farmacia na Coruña : (.) e sei que a farmacéutica fala español (.) e veño falándolle galego (.) e ela cambia (.) ma : : is (.) teño unha amiga que fala español e nunca cambiou comigo (.) POde soltar algunha : : palabra en galego (.) mais o habitual é que : : sempre español
(.)
- E** e ti por exemplo (.) mudas de lingua : se falas cunha persoa que é españolfalante
(.)
- PF2** non (.) acaso que non me entenda (.) mais : (.) de primeiras (.) en galego
(.)
- E** e : sentes a responsabilidade de falares galego (.) porque esta é unha cuestión que por exemplo no : : - nos neofalantes (.) si que está como <moi presente> (.) e nos falantes como tradicionais (.) como (.) xa o falaron sempre (.) sabes (.) é máis automático (.) >pois digo< (.) ti sentes a : : : (.) como esa responsabilidade de o falar pola situación que temos (.) sociolingüística hhh
(.)
- PF2** hhhh (.) e : : : si (.) digamos que : : : si que noto : : ao estudar a carreira (.) si que noto que é moi importante que fale galego (.) máis que nunca (.) cando antes >cando era máis pequena non tiña esa conciencia pois si que se cadra cambiaba< cando : : (.) me falaba algún español (.) raramente (.) mais se cadra (.) aínda que fose estranxeiro (.) llo falaría (.) e neste caso agora si que non
(.)
- E** em : : (.) enTÓN (.) e cando nun futuro : : tiveres fillos e fillas (.) se os tiveres (.) pensas que importante transmitirlles o noso idioma. (.)
(.)
- PF2** [por suposto (.) si si si si]
- E** [vai ser a lingua da casa] (0,5) e : : pase o que pase (.) pensas que - vas continuar a falar galego sempre (.) despois da universiDAde : :
(.)

- PF2** si (.) sen dúbida (.) incluso se tivese que marchar para o estranxeiro (.) no meu entorno familiar (.) polo menos (.) si que estaría igual presente a lingua (.) galega
(1,5)
- E** COmo describirías a túa variedade de lingua (.) como galego urbano (.) ese imaxino que non (.) porque é co que describen os neofalantes (.) e : como galego estándar (.) como galego tradicional (.) ou como castrapo
(1)
- PF2** <galego tradicional> (.) se cadra : : (.) cos : : - cando era máis pequena (.) porque na miña casa hai castrapo (.) é castrapo (.) mais : agora (.) xa coa conciencia que teño coa lingua (.) tradicional porque o normativo no é : : - si que soa un pouco artificial na miña casa hh
(.)
- E** sénteste cómoda co teu nivel de galego. (.) pensas que te desenvolves ben en todos os rexistros (.) >quero dicir< (.) conversas informais (.) presentacións orais
(.)
- PF2** si (.), penso que si si si
si
- E** PENsas que a calidade lingüística é importante.
(.)
- PF2** si (.) sen dúbida (.) é unha cousa que se non : : se aprende na escola : : (.) caso que cando chegues aquí (.) si que sabes o que é a calidade lingüística (.) pero : : ao longo da túa vida non : : - non sabes o que é iso (.) e : : para ter un galego auténtico e ben coidado (.) é necesario
(.)
- E** cales consideras que son as diferenzas máis salientábeis. entre a lingua dunha persoa neofalante (.) e : dun falante tradicional.
(.)
- PF2** as diferenzas.
(.)
- E** as diferenzas (.) as que sempre se din
(.)
- PF2** eu o que máis noto pois é : : as vogais (.) que : si que hai : : (.) non hai esa

diferenciación entre as vogais abertas e as cerradas (.) mais (.) se cadra si que : :
(.) <non noto tampouco demasiada : :> (1) eu non son capaz de recoñecer a un
neofalante (.) mais (.) polo que di a xente moitas veces (.) é por ese marcado : :
- esa maneira de falar que parece que é máis artificial (.) mais eu (.) non (.) a
simple vista
(0,5)

E pensas que a lingua das persoas <neofalantes> tende a ser menos valorizada.
(3)

PF2 pode ser (.) por exemplo : : (.) e : : penso que : : (.) se cadra na televisión de
Galicia (.) pois probablemente prefiren un neofalante se cadra (.) e non a un : : :
- a un galego tradicional (.) mais (.) >noutros aspectos ou noutros ámbitos se
cadra si que son< máis : : *infravalorados*
(.)

E *vale* (.) e : : considérase (.) o se di (.) como unha falante nativa (.) ou
simplemente unha persoa galegofalante (0,5) porque agora estamos moito co
tema das etiquetas (.) sabes.
(.)

PF2 nativa (.) penso que si si hhhh
(.)

E hhhh (.) pensas que o termo neofalante pode chegar a ser depreciativo.
(2)

PF2 non (.) penso que hoxe en día : : (.) é que depende : : (.) realmente o contacto
coa palabra neofalante comecei a tela aquí (.) e xa desde o principio (.) che
inculcan que é unha cousa boa : : (.) que hai xente que está intentando cambiar a
súa tendencia ao falar (.) entón (.) eu desde o principio tomeino como algo moi
positivo (.) que lle fai moita falta á lingua (.) claro
(.)

E do teu punto de vista (.) a lingua dos chamados falantes tradicionalis é máis
lexítima e auténtica que a dos neofalantes.
(.)

PF2 si (.) hhhhhh (.) é dicir (.) sempre é moi - o importante de todo é seguir a
tradición penso (.) entón si que é importante que os neofalantes (.) pois intenten
esforzarse moito para ter esa fonética (.) sobre todo (.) tradicional
(.)

E e agora entramos en chicha (.) COmo concibes a túa identidade nacional. galega

(.) española (.) ambas (.) outra (.) máis española que galega (.) máis galega que española
(4)

EPF2 galega (.) non sinto realmente que : : o : : - o Estado español me represente
(0,5)

E a teu ver (.) cal é a relación entre o galego e a identidade galega. (.) pensas que están relacionados ambos os conceptos.
(.)

PF2 si (.) o galego é : : (.) para min si (1) mais : : podo dicir tamén (.) que polo ámbito da miña casa : : familiar : : e veciñanza etcétera. que : : (.) non (.) porque a xente fala galego >porque o falou toda a vida< (.) mais non sente : : (.) élles indiferente
(.)

E e : : XULgas que o feito de falar galego sempre ou habitualmente é necesario para unha persoa ser autenticamente galega.
(.)

EPF2 si (.) sen dúbida (.) porque se non falas galego todos os días (.) perdes os trazos básicos da lingua (.) e vas acabar : : influenciado pola outra que vai ser o español (.) así que :
(.)

E digo porque ás veces (.) pasou até aquí mesmo na universidade de xente que por exemplo nunca fala a lingua (.) que di (.) sentirse só galego (.) se cadra só galego e non español
(.)

PF2 si (.) eu sei de casos así tamén (.) mais eu non comparto iso
(.)

E e : : dada a situación : : actual (.) sociolingüística na Galiza (.) pensas que o futuro do galego está nas mans das persoas neofalantes. (.) ou cando menos (.) **PENSAS** que teñen un papel moi fundamental
(.)

PF2 si (.) penso que si (.) porque (.) ao fin ao cabo (.) a maioría das persoas que falan galego tradicional sempre están máis corrompidas polo español en certa medida (.) mais : : >si que están moi influenciadas polo español< (.) e unha persoa neofalante xa o colle (.) xa colle a lingua con vontade : : depurativa de todos esas - eses trazos que (.) que - que un galego tradicional vai telo (.) seguro

Entrevista a neofalante 7

- E** cantos anos tes.
- NF7** pois : (.) teño 22 anos
(0,5)
- E** onde naCIches (.) en QUE lugares moraches até este momento.
(.)
- NF7** pois : nacín en : Suíza (.) concretamente en : Lau - Lausanne (.) e : estiven morando : case toda a miña vida : : en : : (.) vivín 6 anos alí en Suíza (.) e despois (.) *viñen* a vivir a CarBALlo (.) en concreto (.) na vila de Oza (.) e despois (.) e : (.) por mor da Universidade (.) tiven que vir aquí a vivir á Coruña (.) e entón pois : : (.) a - aquí estamos e aquí residimos
(.)
- E** de ONde son os teus pais.
(.)
- NF7** meu pai é : galego (.) e : : da propia : vila de Oza mesmo (.) perto de Carballo >como xa che dixen antes< (.) e a miña nai é do Berzo : (.) dos Ancares concretamente (.) e : : coñecéronse en Suiza (.) e fixeron toda a súa vida alí (.) e por iso que eu e mais meu irmán (.) teñamos nacido - nado por alá
(.)
- E** () cales son as - linguas (.) da túa primeira socialización coa familia.
(.)
- NF7** ben (.) eu : disto non me acordaba moi ben (.) pero : (.) estiven aí a pesquisar e demais (.) resulta que : : nós éramos e : (.) *falábamos francés* no día a día (.) mesmo no colexio e demais (.) >porque fomos escolarizados ata os seis anos a : - alá< (.) despois tivemos que vir *pa* : : - *pa* : : o que vén sendo *pa* : Galiza (.) en concreto a Carballo (.) e : : tivemos que aprender de maneira simultánea (.) e : : tanto o galego como o español (.) si ben é certo que por exemplo o meu irmán aprendeu antes espaÑOL (.) e : : (.) ao vivirmos nunha vila (.) era moito mais fácil : (.) *pa* nós (.) conservar o : - conservar e aprender o galego (.) () coas súas variedades con todo e demais (.) este famoso castrapo (.) e despois si xa co tempo (.) cando xa : : fomos escolarizados e : demais >na ensinanza si que :< (.) xa alcanzamos xa os niveis de nativo : () da Xunta e demais (.) tanto de español como de galego
(0,5)
- E** e : : (.) cando aprendiches galego (.) na escola non? (:) na primaria.
(:)

- NF7** si (.) aprendino : na priMAria (:) e : : de maneira graduAL (.) non sei se foi un : :
- de súpeto (.) sei que tivemos algun: - has dificultades por culpa do : francés (.)
porque había algúns fonemas que non se realizaban : de maneira correcta (.)
mais : (.) si (.) foi progresivo
(0,5)
- E** na túa CAsa (.) fálase ou falábase galego.
(.)
- NF7** cando eu era : (.) pequeno non (.) >falábamos algunhas veces cos meus pais (.)
co meu pai sobre todo (.) cando : se : - viña de estar falando con xente en galego
(.) pois : : (.) automaticamente cando chegaba a casa falaba en galego (.) pero
polo xeral era case sempre en español por - que case sempre estábamos baixo o
coidado de miña nai (.) e ela é monolingüe en español (.) porén (.) sempre se
falaba en español (.) e : comezouse a falar en galego desde que : entrei na
universidade (.) ao cursar filoloxía (.) galega en concreto (.) e entón claro (.) aí si
que : (.) fixenme monolingüe totalmente en galego (.) e : : (.) na casa fálase
galego cando estou eu
(.)
- E** e no teu entorno social? (.) fálase : : en galego normalmente.
(.)
- NF7** e : : (.) os meus compañeiros que : : - cos que fixen toda a miña escolarizaCIÓN
(.) normalmente si falaban en galego (.) nós - (.) de facto (.) éramos os raros :
na : - na vila porque falábamos español (.) e : : - e despois tamén no instituto (.)
si ben é certo que cando chegamos á : : - a CoRUña (.) si que notei certa
diferenza (.) porque viña acostumado a un ambiente (.) onde se falaba moito
galego (.) e non : (.) só se falaba galego coa xente que estudaba : filoloxía
galego-portuGUEsa (.) e o resto todo falaba en español
(.)
- E** achas que a escola foi a principal fonte de aprendizaxe? (.) ou máis a : : - a
familia (.) >digo porque teu pai é : : < [galego]
- NF7** [pode ser] (.) e : : (.) se CAdra (.) a nivel
gramática todo iso (.) si foi obviamente a : - a principal fonte (.) e despois
nalgunhas cousas mais de : : (.) non digo trazo popular (.) pero : : a
pronunciaCIÓN e cousas así (.) de estar todo o día : na vila (.) e escoitar a xente
>e demais< (.) penso que foi máis por esa parte
(.)
- E** ok (.) m : : : - mudaches de lingua de súpeto? (.) ou progresivamente (.) porque
penso que a pregunta esta xa : non fai sentido porque : :
(.)
- NF7** e : : : (.) eu penso que - [claro (.) era moi neno : : (.) non me podo lembrar]=

- E** [bon : : claro (.) eras moi neno: : claro (.) non lembrás :]
- NF7** =supoño que sería de súpeto (.) porque : : eu vivía nun ambiente en que solo se falaba francés (.) e fun movido (.) a un ambiente en que *solo* se falaba galego e español (.) entón tiven que : : (.) supoño que sería súpeto (0,5) acadar un nivel bon supoño que sería progresivo (.) mais : : completamente (.) penso que tivo – que tivo que ser de súpeto (.)
- E** e aínda que eras moi : : pequeniño (.) como era a túa relación co galego antes de dares o paso. (.) refirome (.) de que ti entra : ches (0,5) >quero dicir< (.) ti chegaches aQUÍ (.) e : non quedou outra porque era o que había (.) mais : : >quero dicir< (.) antes : :
- NF7** claro : : (.) non tiña : - eu non tiña referencias mesmo : (.) nin de galego nin de español (.) nin que existían idiomas (.) nin tal (.) obviamente eu : - eu xogaba co meu irMÁN (.) *solo* nos *preocupábase* do día a día (.) en francés (.) porque era a lingua que había que falar (.) e punto (0,5) chegamos aquí (.) non *sabíamos* nin *coñecíamos* a moita XENte (.) e alén dos nosos país (.) e dos nosos avós (.) que vivían : tamén (.) ao lado da nosa casa (.) eles falaban en gaLEgo (.) nós >tomámolo como algo normal< (.) que aquí falábase en galego (.) mais sen trazos de ideoloxía nin nada (.) >falábase galego porque tocaba falar galego< (.) >e falábase español porque tocaba falar español< (.) era *pa sobrevivir* (.) basicamente
- E** hhhh (.) costumás falar galego : (.) habitualmente. (.)
- NF7** todos os días (.)
- E** é dicir que o falas sempre (.)
- NF7** si (.) sempre (.)
- E** *vale* (.) e tamén é a túa lingua habitual (.) hhhhh (.)
- NF7** hhhhh (.) é a miña lingua habituAL (.) converteuse na miña lingua habitual (.)
- E** *vale* (.) HOxe en día tes unha rede de amizades con que poidas falar galego. (.)
- NF7** si (.) hoxe si (.) grazas a deus (.) está todo : (.) nun bon : - bo sistema (.) e si (.) si falo galego basicamente

- (.)
- E** na túa vida cotiá (.) consideras que tes oportunidades suficientes para : falares galego.
(.)
- NF7** si para falar galego (.) mais non para ser interpelado en galego (.) hai diferenzas (.) eu : sempre falo en galego (.) con calquera persoa o primeiro contacto sempre vai a ser en gaLEgo (.) si : : - se ben é certo que hai xente que : : acostuma a facerme : : a : : - as respostas ou contestarme en espaÑOL (.) sigo falando en galego (.) non : considero que sexa unha falta de educación nin : - nin nada polo estilo (.) mais si que vexo que : : - que <alén de compaÑEIros ou con : xente da caRREIra ou no día a día> (.) se é na vila (.) pero se for na : - na cidade (.) na Coruña (.) non (.) basicamente (.) non son interpelado en galego (.) é *solo* monolingüe pola miña parte
(0,5)
- E** o mesmo me acontece a min hhh (.) *vale* (.) relaciónaste máis con persoas (.) neofALANtes (.) ou (.) cos denominados falantes nativos (.) ou tradicionais.
(.)
- NF7** e : : : (.) (boa pregunta) porque ti cando coñeces alguén (.) non entra na primeira pregunta de : : es neofalante ou galego tradicional (.) se é certo aproxímaste con xente que fala en galego (.) e de alí se cadra : (.) se tes bo ouvido (.) podes ir sabendo *según* que trazos (.) pois se é de Lugo : (.) se é de Ourense : (.) ou de onde é
(.)
- E** mais non xulgas
(.)
- NF7** non (.) non xulgas (.) vas *pa* diante (.) vas escoitando galego (.) falas (.) e ata que te confesan que te *enteras* de que eran neofalantes canto ti pensabas que era tradicional de toda a vida
(.)
- E** isto xa : : (.) bon (.) dixéchesmo : : anteriormente (.) mais : : (.) cando coñeces a unha persoa nova? (.) en que idioma falas.
(.)
- NF7** en galego
(.)
- E** *vale* (.) as persoas mudan de lingua cando falan contigo?
(.)
- NF7** e : : : (.) si é cer : - noto ás veces que si (.) >quero dicir< (.) non é : : no primeiro momento con xente que xa : : (.) coñecemos (.) se cadra podemos ter certo grao

de confiANza (.) >por exemplo na casa estou conseguindo de : - de que : : miña nai cando fale comigo fale en galego< (.) ten os seus erros e deMAIS (.) pero tamén hai que motivala e : : - e louvar que queira facer esa mudanza (.) non? (.) comigo fala en galego (.) é algo que : gosto moito que o faga (.) entón si que empezo a notar (.) (.) pero : : hai casos e casos (.) hai xente que : : nin se pensa esforzar (.) e mesmo (.) din que non entenden galego (.) non? (.) cando vas a un bar : ou calquera outra cousa (.) (.) con tempo (.) non pasa nada (.)

E sentes a : - a responsabilidade de falares galego. (.) de o salvares. (0,5)

NF7 s : : i (.) si que : : - quero dicir (.) calquera persoa : e mais eu como que - que estou a estudar filoloXÍA e : : (.) é o que comentaba (.) se alguén estuda filoloxía inglesa (.) e se cadra pode ser por amor á : : filoloxía (.) e está ben (.) >en galego tamén tes iso de maneira simultÁnea< (.) non obstante tamén tes un grao en responsabilidade (.) por intentar cumPRires (.) por intentar veLAres (.) por facer as cousas da mellor forma poSÍbel (.) se non (1) non vai *pa* adiante (.)

E entón (.) se nun futuro tiveres fillos ou fillas? (.) cres que importante transmitirlles o noso iDIOMA. (.)

NF7 si (.) obviamente (.) non : - non me cabe a menor dúbida (.)

E de maneira monolingüe (.)

NF7 si : : (.) monolingüe polo menos (.) e despois : (.) bilingües en portugués (.) como moito (0,5)

E PENSas que continuarás a falar galego habitualmente cando remates os estudos : universitarios. (.)

NF7 si (.) porque non : : - non podo pensar : (.) non é que fora unha escolla de vou estudar galego (.) foi algo que foi : : (.) se ben é certo que comecei de - súpeto por aprender o idioma (.) mais despois xa me fun ligando a certo ámbito e demais (.) e : (.) hoxe non deixa de ser unha filosofía de vida (.)

E COmo describirías a túa variedade de lingua. como galego urbano (.) galego estándar (.) galego tradicional (.) castrapo (.)

- NF7** m : : : (.) eu diría que estándar porque é o que versa cando tes que estudar na : : - na ensiNANza (.) tes que pasar os exames e demais (.) e na filoloxía tamén (.) e hai : : - hai un certo grao de nivel : (.) poRÉN (.) acho que ten que ser (.) o estándar
(.)
- E** sénteste cómodo co teu : : nivel de galego.
(.)
- NF7** e : : (.) s : : i (.) no día a día si (.) *si* ben e certo que se poden mellorar moitas cousas
(0,5)
- E** achas que te desenvolves ben en todos os rexistros. (.) informal : : e : :
(.)
- NF7** si (.) penso que non hai : : (.) máis no rexistro : inforMAL (.) se cadra é onde podo facer : mellor (.) gala (.) non?
(.)
- E** pensas que a : calidade lingüística e importante? (.) até que punto.
(0,5)
- NF7** e : : (.) penso que si (.) no sentido de que : tamén : (.) di moito da persoa que está a falar (.) alguén que non : : : - calidade de lingua é : : - podes estar falando galego mais as veces hai melloras (.) non? (.) entón (.) alguén que : : - alguén que está a escoitar que : : - que sabe que está a facer un erro : mal (.) que : non quere esforzarse por mudalo >porque total é galego< (.) non significa que teñas : (.) que deixalo así quero dicir (.) calquera outra lingua (.) intentas sempre expresarte da mellor forma posíbel (.) >pois : co galego tamén ten que ser igual< (.) é unha motivaCIÓN (.) e tamén di da túa persoa (.) de te implicares (.) de querer facer mellores as cousas
(1)
- E** cales pensas que son as diferenzas mais salientábeis entre a lingua : dunha persoa (.) considerada neofalante (.) e as dun falante tradicional.
(0,5)
- NF7** e : : : (.) se cadra polo que teño estudado : é a realización dos : : - dos : : : - das sete vogais (.) e tamén o do : : - o da *n velar* e tal : : (.) penso que poden ser os trazos máis salientábeis (.) non obstante (.) penso que tampouco é que sexa : (.) con traballo : : e escoitando a xente (.) acabase por *arreglar* todo iso
(.)
- E** sentes que o teu xeito de falar é ben aceptado polos falantes na Tivos (.) Supoño que si (.) porque parece un falante nativo [hhhh]
- NF7** [hhhh] (.) si supoño que si (.) será iso (.)

- nunca : : - nunca me puxen a pensar niso
(.)
- E** algunha vez sen - sentícheche xulgado ou cuestionado por falar galego.
(.)
- NF7** si (.) °moitas veces° (.) no sentido de : : (.) mesmo unha vez que tiven que ir ao médico (.) e : : >antes de que estivera Feixóo coas súas leis< (.) e resulta : : que había unha médica que era : : - creo que era catalana (.) según o que puiden ler no apelido (.) e : : faleille en galego (.) non : : (.) e a miña nai que estaba alí díxome : (.) se fas o favor fálalle en español (0,5) perdoa non sabía que : : - que tiña que falarllo (.) <está aquí traballando : : e demais> (.) pasou as súas oposicións (.) quero pensar (.) entón pois : : ten que saber un mínimo de galego (.) non : : (.) pódese buscar unha maneira de entenDERnos (.) mais : : (.) si que me sentín xulgado (.) mesmo pola miña nai (.) >xa non quero dicir como será nos casos de fóra (.) ir a un bar e pedir un café con leite< (.) e ter pois : : a sorte de que toda a xente na Coruña son tradutores simultáneos que cho traducen ao español taMÉN (.) Entón pois non sei
(.)
- E** *eso* e unha anécdota de mil (.) porque poderíamos estar aquí a vida enteira (.) bon (.) pensas que a lingua das persoas : neofalantes (.) >quero dicir (.) con todos os trazos que dixeches< (.) e : : anteriormente (.) tende a ser menos valorizada.
(1,5)
- NF7** .hhhh (.) non sei (.) si que : : - noto que a xente (.) non digo que (o aparten) nin unha cousa así (.) si que se recalca que hai : : casos de neofalantes (.) mais eu (.) eu fago una lectura completamente : : (.) contraria a iso (.) >quero dicir< (.) cantos máis neofalantes haxa moito mellor (.) e se teñen eses erros (.) que non son ben erros porque se poden comuni - ti podes entender perfectamente (.) se cadra con cumpre con ese : : (.) canon ou con ese nivel que é o que estás ti a : - acostumado ou que queres ouvir (.) mais obviamente que alguén estea a falar en galego (.) xa hai que destacar o seu mérito (.) e máis cando estamos falando de que hai que ter implicación para falar en gaLEgo (.) todo ten un tempo (.) °e se alguén novo decidiu trocar a súa lingua para falares en galego° (.) hai que aceptala e motivala e que siga
(1)
- E** considérase neofalante (.) ou simplemente galegofalante (.)
(1)
- NF7** pois ata relativamente pouco consideraba que era galegofalante (.) porque : : : sempre pensei que (.) ao vires desde pequeniño falando en galego (.) >mais despois *entereime* de que era neofalante< (.) temos : : - penso que pouco se ten

estudado sobre este aspecto (.) tense pensado que unha persoa neofalante é aquela persoa que acabou a súa : etapa : : de ensiNANza (.) e di que quere : : (.) >de escolarización ou o que fora< (.) e que quere (.) cambiar de idioma por unhas ideoloxías (.) chámalle xis (.) as que for (.) entón claro sempre tes esa : : - esa forma de que falan eles en neofaLANte (.) que dis tal (.) non realizan as sete vogais (.) >non todos e? (.) que hai xente que o fai e demais< (.) entón claro dis ti (.) eu non son neofalante (.) eu fago ben estas cousas (.) mais despois a raíz deste traballo (.) vas pesando e dis (.) eu fun escolarizado en galego e espaÑOL (.) eu viña con outra lingua de adquisición - antes (.) que era o francés (.) entón si me converte en neofalante

(.)

E ti deches o paso tamén (.) o que acontece (.) e que o deches antes (.) porque aínda >quero dicir< (.) non hai ningún estudo en que : se fale (.) ou : se diga >canto tempo ten que pasar< até que deixes de selo (.) sabes? (.) >porque unha persoa pode considerarse neofalante mais< (.) cando deixas de levar esa etiqueta.

(.)

NF7 iso é (.) basicamente (.) iso é o que quero : : - quero dicir

(.)

E e : : penso que disto xa falamos mais pensas que o : termo : : neofalante pode chegar a ser depreciativo.

(.)

NF7 e : : *pa min non* (.) na miña lectura non (.) *pa min é* : : - é non digo unha homenaxe (.) mais si que : : alguén que decide trocar : e que quere impulsar o galego po: : - por un determinado conTEXTto ou o que for (.) véxoo moi ben (.) se ben e certo que : : hai xente que : : - que si que o *califica* como algo : : : (.) non quero dicir depreciativo (.) que si que me soa moi forte (.) mais si como algo mao

(.)

E e volvendo : : agora ao que estabamos (.) canto tempo pensas ti persoalmente que debe pasar (.) até que unha persoa elimina o rótulo neo

(.)

NF7 pois : : sinceramente (.) non entendo que vaia por : : - por tempo (.) porque miña nai leva : : dezaseis anos morando aquí (.) e : : fala o seu galego cos seus trazos dialectais e demais (.) cando se decide a falalo (.) e non entra na categoría de neo (.) quero dicir : :

E pensas que se cadra é unha cuestión de seguranza lingüística. (.) de como te sente ti co : :

(.)

NF7 si (.) aquela persoa que é capaz de falar galego no seu día a día (.) que aínda que

sexa interpelado en español (.) consegue manter a conversa en galego (.) entre dúas persoas que se coñecen e demais (.) aí pa min (.) desde o meu punto de vista (.) xa non é neofalante (.) aí xa é galego
(0,5)

E do teu : : - do teu punto de vista (.) a lingua dos chamados falantes tradicionais é máis lexítima e auténtica ca túa (.) porque disto tamén se fala : : (.) da autenticidade : (.) a lexitimidade :
(0,5)

NF7 e : : >habería moito que falar disto< (.) habería moito que falar (.) e : : eu non (.) eu considero que non (.) >quero dicir< (.) e : : o galego é o estándar (.) tal está recollido pola norma (.) polos acordos estabelecidos e demais (.) que se está velando polo seu cumprimENto (.) ten de facto a Real Academia Galega pa : : - coas súas normas (.) co seu dicionario e demais (.) entón non considero que un sexa máis enxebre que o outro (.) nin que alguén que fala : : - a : zona ou área luguesa (.) que por falares o seu galego (.) que non é tan importante como por exemplo a zona da costa da morte e demais (.) hai un estándar e despois son achegas que tamén enriquecen e dan diversidade (.) non é unha loita que hai que facer
(.)

E como concibes a túa identidade nacional. (.) galega (.) española (.) ambas (.) outra (.) máis galega que española (.) máis española que galega.
(.)

NF7 e : : só galega (.) a día de hoxe é só galega (.) moito ten que mudar a cousa mais : : (.) mesmo por ideoloxía e : : pola miña actividade (.) galego : : só
(0,5)

E a teu ver (.) cal e a relación entre o galego e a identidade galega. (.) pensas que : ambos os conceptos están ligados.
(.)

NF7 °si totalmente (.) pa min teñen que estar ligados° (.) quero dicir (.) ti non podes : : (.) habería que separar a política (.) non vamos a mezclar ou a : : mesturar máis temas (.) mais : : (.) unha persoa (.) un galego é galego porque tamén pode falar en galego (.) >ten que saber falar galego ou o que for< (.) hai un certo grao de implicación (.) >que é o que falábamos antes< (.) mesmo afectivo (1) agora ben (.) e : : (.) se colocas a pregunta de : : que unha persoa que fale en galego é independentista e todas esas cousas (.) non (.) aí hai moita diversidade (.) habería que dar moito mais tempos para analizar as cousas (.) mais eu penso que se estas nun territorio que é : : a Galiza (.) que poderás entrar na : : - na nomenclatura que quixeres (.) de rexión histórica (.) de nación (.) de país (.) o que for (.) mais implica que hai galegos (.) e os galegos teñen unha

- lingua propia (.) e teñen unha lingua de seu (.) porén (.) aí ten que haber algo (2)
- E xulgas que o feito de falar galego sempre ou habitualmente é necesario para unha persoa ser autenticamente galega.
(.)
- NF7 non (.) eu : (.) desde o meu punto de vista non (.) se cadra é porque teño outra : : filosofía de vida moito máis tranquila (.) pero : : (.) para nada (.) sinceramente eu : : - ten que ser unha escolla (.) non ten que ser para : : - para te reivindicares nin nada polo estilo
(1)
- E PENsas que é posíbel que unha persoa que fale normalmente galego (.) non se sinta galega.
- NF7 pódese se o entendemos no marco das preguntas anteriores de : : galego (.) español (.) européista (.)
- E refirome : : (.) se cadra (.) polo tema : : moita xente que aínda : : sente como autoodio (.) >quero dicir<
(.)
- NF7 a : : polos prexuízos
(.)
- E si (.) tamén (.) porque hai xente : : - hai moita xente : galegofalante (.) que logo preguntas e : non : : (.) e probablemente pense : : que : : (.) só é española (.) ou moito máis española que galega (.) isto é : : - é o que digo (.) dese sentimento (.) de xente que normalmente a : - o fale (.) que non se sinta galega
(.)
- NF7 hhhhh (.) cústame moito (.) e : :se cadra pode ser por autoodio ou prexuízos (0,5) non sei (.) eu todos os casos que coñezo de xente que fala en galego (.) normalmente é porque se senten galegos (.) despois en maior ou menor medida : : (.) mais si que é : :
(.)
- E concordas coa afirmación de que a mudanza de lingua acostuma a responder a unha determinada orientación política.
(.)
- NF7 non (.) digo que non porque eu con 6 anos aínda non tiña nin idea política (.) só me preocupaba de xogar cos xoguetes (.) e pasar : : - estar cos meus compañeiros (.) no tiña orientación política de ningún estilo (.) que no futuro (.) que estés vinculado a unhas ideas ou outras : : é distinto (.) mais tamén pode ser de dobre forma (.) porque sei por onde van estes prexuízos políticos
(0,5)

E pensas que o galego está nas mans das persoas neofalantes? (.) por que.
(.)

NF7 penso que si (.) Basicamente : : (1,5) haberí – habería que entendermos que os neofalantes é un colectivo (.) que : : ten a vontade de trocar para falaren en galego (.) e : : tamén (.) alén diso non é que *solo* falen (.) tamén poden estar implicados politicamente (.) e : : servizos de normalización lingüística ou calquera outra : tarefa (.) ou mesmo nun traballo e : : nun bar >ou calquera outra cousa< (.) tamén poden contribuír nese sentido (.) entón si – acho que xogan un papel fundamental (.) alén de mais de que a poboación : sociodemográfica (.) e : : a maioría da xente : : () a Galiza hoxe xa experimenta de que hai moita xente máis maior e que : : van morrendo (.) e no entanto non hai tanta : xente que naz – que nace e demais (.) e o papel do neofalante (.) pode revertir esa situación porque é como se *fora nova xente* que comeza a falar en galego (.) entón (.) acho que ten que ser unha boa forma *pa* : : - *pa* mantermos isto

Entrevista a neofalante 8

- E** CANtos anos tes.
(.)
- NF8** teño 22 anos.
- E** onde naciches. (.) en que lugares moraches até este momento.
(0,5)
- NF8** a : : - a ver (.) eu nacín na Coruña (.) o que pasa e : : que ao pouco de nacer (.)
e : : a miña familia trasladou : *bueno* (.) >a miña familia xa - xa estaba vivindo
alí< (.) e : : - en Carnota (.) entón eu vivín até aos sete anos en Carnota (.) e : : -
e despois (.) aos sete anos (.) pois o : : - o meu pai foi a traballar para Oleiros e
miña nai para Cedeira (.) e : : - e entón nos instalamos na cidade da Coruña (.)
definitivamente
(0,5)
- E** e : : - e entón (.) de onde son os teus pais. o teu pai e de Carnota non?
[dixeches.]
- NF8** [non non] (.) o meu pai e de Betanzos (.) e a miña nai é da zona de : : : - a : : : -
bueno (.) a súa familia era da zona de Coruña
(1)
- E** e : : (.) cales son : - as linguas da túa primeira socia - lización coa familia.
(.)
- NF8** hhhh (.) esa sería unha pregunta difícil de facer porque non lembro moi ben o
que falaba antes dos sete anos (.) e : : segundo o que me conta meu pai eu
falaba castrapo (.) hhhh (.) por unha : : - por unha parte porque *estábamos* en
Carnota (.) >e a maioría dos meus compañeiros me falaba galego e por outra
parte estaban as películas de Disney que me falaban español< (.) e entón
mestrouse aí : : fíxose unha mestura (.) entón falaba castrapo (.) si (.) era o : :
- o único falante orgulloso de castrapo en toda a ci : : ci – dade (.) *bueno* cidade
(.) vila de Carnota
(.)
- E** entón oficialmente (.) CANDO se pode dicir que aprendiches galego.
(.)
- NF8** eu : : comecei a falar galego e : : cando : : : aproximadamente en cuarto da
ESO primeiro de bacharelato (.) despois xa : cando entrei na universidade xa o
comecei a falar de maneira monolingüe

(.)

E e : : na túa casa. (.) e : : fálase ou falábase galego.
(0,5)

NF8 meu pai sempre falou galego (.) mesmo cando >todo o resto dos membros da familia *falábamos* español< (.) e : : meu irMÁN falaba galego (.) cando el estaba en Carnota (.) mais despois de mudar á : : Coruña (.) pasou a falar español (.) *bueno* ou : : *coruño* (.) e : : a miña nai pois : : (.) desde que se trasladou á : : - á Coruña (.) comezou a falar español (.) *bueno* agora mesmo fala media e media (.) fala galego e fala español (.) segundo : o contexto
(.)

E e : : o teu entorno social? (.) porque aquí vivíndomos na : : - na Coruña é máis complicado.
(.)

NF8 si (.) pero a ver (.) non tiña un entorno social moi *amplio* (.) no : - no instituto (.) entón a verdade e que cando entrei na universidade foi cando - comecei a crear un grupo de amigos (.) e todos eles falaban galego (.) porque todos *estábamos* dentro da facultade : : de galego-portugués
(.)

E entón agora pois : : (.) a : : - a lingua que empregas normalmente >quero dicir< (.) con que te relacionas sempre é en galego
(.)

NF8 si (.) é dicir (.) son falante monolingüe case : ab - absolutamente de galego
(.)

E entón (.) achas que a escola foi a principal fonte de aprendizaxe.
(0,5)

NF8 non (.) a miña principal fonte de aprendizaxe foi a do - foi o meu pai (.) persoalmente (.) agora (.) si que é verdade que para moita xente a escola foi a principal maneira de aprender o galego (.) ou de iniciarse nel
(1)

E e : : : a que idade decidiches dar o paso de comezar a falar galego (.) xa me dixeches : dezaseis ou así (.) non? en cuarto da ESO.
(.)

NF8 si : : (.) a partir de <cuarto da ESO primeiro de bacharelato> >fixen algúns intentos de falar co meu pai en galego< (.) entón(.) foi con el con quen comecei

a falar en galego (.) EL sempre falara en galego (.) pero eu a verdade at - ata ese momento falaba : primeiro en castrapo (.) despois en español (.) e : : - e entón (.) pois tiven e : - esa : : (.) non sei de onde veu (.) a verdade (.) seguramente de que aumentou a miña relación con el (.) por un : : - unha serie de circunstancias (.) e : : enTÓN comecei a comunicarme en galego pero só con el (.) despois xa o comecei a facer no entorno familiar (.) e xa finalmente ao trasladarme a universidade o comecei a facer en todos os ámbitos (.)

E e por exemplo : (.) a xente : : - aínda que tiveses <mais ou menos relación> (.) a xente : que te coñecía de antes (.) que te coñecía como españolfalante (.) como se tomaron <esa mudanza>. (.)

NF8 e : : (.) pois si que é verdade que había : : - houbo algúns amigos que eu tiña no instituto que : : despois (.) digamos que lles parecía estraño que eu comezase a falar galego (.) agora : : aos poucos meses rompín a miña amizade con eles hhhh por outros motivos >que non teñen absolutamente nada que ver coa lingua< (.) e : : - e entón pois libereime desa : : des - dese lastre [hhhhh]

E [hhhhh] *vale*
(.) e : : mudaches de lingua de súpeto ou progresivamente. (.)

NF8 progresivamente (.) >como xa dixen primeiro foi o meu pai< (.) despois foi o ámbito familiar (.) e despois xa finalmente foi todos os ámbitos (.) >é verdade que foi un alto importante< de : : comezar a falalo só na familia (.) a falalo na universidade (.) pero aínda así foi dunha maneira mais ou menos progresiva (0,5)

E e : : LEMbras como comezaches a falalo. (.)

NF8 uf : : : : (.) bastante mal (.) con bastante mal quero dicir que é aínda peor de como falo agora (.) eu lembro por exemplo de que eu nunca : - non pronun - palatalizaba os xis (.) e os pronunciaba como ese (.) e entón por exemplo (.) eu : era normal que dixese a frase “sa saíron a : - a sente do sardín” hhhhhh (1,5)

E mais - aos poucos vaíse mellorando (.)

NF8 si (.) claro (.) é dicir (.) obviamente xa non fago iso hhhh (.) “xa saíu a xente do

xardín” (.) que (.) a que o fago caralludamente.

(.)

E hhhh caralludamente (.) e : : tampouco non sei se fai moito sentido preguntarche como era a túa relación : co galego antes de dares o paso.

(.)

NF8 e : : (.) a miña relación era a que lle escoitaba a meu pai (.) basicamente (.) e : quero dicir (.) é verdade que tiña un compañeiro na : : - no instituto (.) que era : : (.) tiña certas : : a : : a - afiliación política a Galiza Nova (.) que el si que era falante monolingüe de galego (.) >pero non tiña relación con el< (.) simplemente (.) nunca me levei con el

(.)

E e : : costumas falar galego habitualmente. (.) agora si (.) non? falalo sempre

NF8 a última vez que falei en español foi : curiosamente nun curso de lingua na cidade do Porto (.) porque había un matrimonio de Soria que se negaba a falar portugués fóra das aulas (.) e entón (.) foi a primeira vez en anos que falei en español (.) a última vez que me lembro foi cun Erasmus en primeiro de ESO (.) perdón (.) en primeiro de carreira

(1,5)

E e : : isto tamén está relacionado : : (.) hoxe tes unha rede de amizades coas que podidas falar gaLEgo (.) mais aínda así (.) na túa vida cotiá? (.) consideras que tes oportunidades suficientes.

NF8 a verdade se te mentalizas (.) e : de que a persoa coa que estas falando vai a falar español (.) e que ti vas a falar galego (.) que é – que é un paso difícil de dar obviamente (.) pero unha vez te mentalizas diso (.) si que tes oportunidade de falar galego (.) o problema é ter a oportunidade de ouvilo (.) ese é outro problema (.) diferente

(.)

E *vale* (.) relaciónaste máis con persoas neofalantes? (.) ou cos : que : se denominan falantes nativos (.) ou tradicionais.

(0,5)

NF8 eu teño que dicir que a ver : me relaciono máis con falantes nativos ou tradicionais porque : acostuma a ser o perfil máis tradicional (.) o máis clásico dentro da facultade de filoloxía (.) da UDC (.) >agora< (.) tamén me relacionei con bastantes persoas neofalantes (1) aínda que non che sabería *decir* en

números (.) non sei *si* tiven máis (.) pero digamos que si (.) é *decir* (.) o meu grupo principal de amigos por exemplo <case son todos neofalantes> (.) agora : : máis : : non : - non sei calcular mentalmente (.)

E e entón - (.) cando coñeces unha persoa nova? (.) en que idioma falas.

NF8 en galego (.) eu entendo que esa persoa ten o dereito de dicirme (.) non entendo o que me estás dicindo (.) múdame de idioma (0,5) e : : eu (.) por tanto (.) >utilizo primeiro o idioma co que estou mais cómodo< (.) e esa persoa ten todo o dereito do mundo de facer iso (.) igual que eu tería o mesmo dereito se esa persoa falase nun idioma estranxeiro (.)

E as persoas mudan de lingua cando falan contigo. (.)

NF8 normalmente non (.) moi poucos casos (.) >a miña nai por exemplo si que o fai< (.) hai moitas veces que estamos - estamos na casa e >ela me comeza falando en español e eu lle respondo en galego> e ela : - troca o *chip* (.) mais por exemplo (.) todos : : - case todos os veciños que non teñen máis de 60 anos (.) acostuman a falarme en español (.) dunha maneira ou doutra (.) e o mesmo cos : poucos ex compañeiros do instiTUto <que vexo de vez en cando> e dos que falo de como vai a túa vida e demais (.) e : : - e tamén xente que coñezo doutros graos (.) de cando entrei na universidade (.) cando *estábamos* nos anos en común (0,5) >eles falaban español eu falaba galego e punto< (.)

E entón ti (.) como me dixeches que hai anos que non falas español (.) ti non mudas nunca de lingua se : - se a persoa é español falante (.) e sabes que che vai entender. (.)

NF8 si (.) obviamente (.) eu so tiven a ver (.) as últimas veces foi : por sobre todo relacionarme con <Erasmus> (.) que me dixeron que <eles non entendían galego e que lles falara en español> (.) e non houbo ningún problema (.) e o último xa o digo (.) este caso deste matrimonio de Soria : (.) que : (.) pois por diversas circunstancias estaba facendo un curso de : inmersión lingüística en Portugal (.) pero querían facelo en español hhhh (.)

E e : : (.) sentes a responsabilidade de falares galego. (.) de o salvares. (.) esta é unha cousa <que : : moitos : neofalantes : senten>

(1)

NF8 a ver (.) é verdade que os neofalantes así como conxunto si que somos unha parte importante do desenvolvemento do idioma (.) sobre todo porque ata que *haia* un cambio lingüístico radical na sociedade (.) os : - a maioría de nenos van : *a* ser - falantes nativos en español (.) e o único de que dependerá a supervivencia será que eses nenos que falan só español (.) <nalgún momento> lles dea por falar galego por algún motivo descoñecido (.) algunha forza máxica hhhh

(.)

E e : : se nun futuro tiveres fillos ou fillas (.) cres que é importante transmitirlles o noso idioma.

(.)

NF8 Uf (.) con 22 anos é unha pregunta difícil (.) e : : eu gustaría de – diso (.) agora eu sei perfectamente que polas circunstancias parece que cada vez máis (.) é máis difícil (.) >quero dicir< (.) a min por exemplo meus pais (.) cando eu era pequeno (.) eles pensaban educarme en galego (.) pero pola influencia da televisión e das : : - *das filmes* (.) e sobre todo dunha profesora de infantil que se : : empeñou en plena Carnota >de que todos os alumnos tiñan que falar español< (.) eu falaba castrapo (.) así que -

(.)

E xa (.) mais (.) refírome (.) aínda que : non poidamos controlar : o exterior (.) ti (.) o que ven sendo dentro da casa : :

(.)

NF8 si (.) eu lles falaría unicamente en galego (.) ata que me vese completamente derrotado (.) obviamente hhhh

(.)

E pensas que continuaras a falar galego habitualmente cando remates os teus estudos universitarios.

(.)

NF8 eu quero pensar que si (.) agora (.) cando rematarei os meus estudos universitarios é algo que aínda non sei

(.)

E non (.) refírome (.) se pensas que : : >aínda que nunca se sabe o que vai acontecer na vida< (.) se pensas que <esta é unha mudanza : como definitiva. (.) ou se pensas que é como : unha moda ou algo máis : temporal>

(.)

NF8 non (.) non (.) é unha mudanza que eu pensei que ti – ti - era definitiva (.) a ver (.) ten que haber un cambio radical na miña vida para que pase o contrario (.) eu cando consiga traballo (.) quero : realizar o meu traballo en galego (.) agora (0,5) xa : a vida nunca sabes o que che vai a pasar (.)

E COmo describirías a túa variedade lingüística. (.) como o que chaman galego urbano (.) galego estándar (.) galego tradicional (.) castrapo (.)

NF8 eu : : (.) tendo en conta o que estudamos nas aulas (.) e : <son o perfil exacto e completo do que se di galego urbano> (.) e : : (.) >quero dicir< (.) teño un : : - un problema fonético importante (.) co idioma (.) e : : (.) pero por exemplo noutras áreas (.) quizais teña menos problema (.) por exemplo no ámbito do léxico estou tentando coidalo (.) no ámbito da morfoloxía tamén (.) de vez en cando se me escapa algunha vez (.) mais eu quero pensar que vai : diminuíndo a cantidade de cas - de españolismos (.)

E sénteste cómodo co teu nivel de galego. (.) pensas que te desenvolves ben en todos los rexistros (.) <registro informal (.) ou canto temos que facer algunha exposición> (.) pensas que é o mesmo. (.)

NF8 eu : : sempre teño dúas sensacións (.) a primeira sensación é : - é unha sensación que é completamente certa (.) que é a de que non sei pronunciar o galego con sete vogais (.) non me sae de dentro (.) entón claro (.) ese : : - eso é : : digamos que é unha eiva (.) unha lacra es : - que me tortura cada vez que dur – que vou a durmir polas noites (.) e despois (.) tamén teño unha sensación (.) por algún comentario que me teñen dito (.) que o meu galego é algo artificial ou que é algo artificial (.) semellante ao estándar (.) por comentarios de alguén que xa me ten dito que : <non vía o meu galego> , que non escoitaba o meu galego natural (.) ou que lle parecía que era bastante artificial (.) entón non sei se o meu galego é demasiado formal (.)

E mais iso acontece : : (.) iso tamén mo din a min (.) >quero dicir< (.) iso acontece a : : - a máis xente (.) mais é cuestión todo de traballar (.) non é cuestión de pe – (.) sabes? (.) de pensar polas noites niso hhhh (1) pensas que a calidade lingüística é importante. (.) até que punto. (.)

- NF8** eu penso que si (.) é importante ter calidade lingüística porque se non é que basicamente non facemos unha fronteira entre os dous idiomas que se falan na Galiza (.) entre o español e o galego (.) E obviamente esa fronteira sempre se vai a *desdibuxar* cara ao noso lado (.) nunca cara o lado deles (.) quer dicer (.) que quedará do galego se se integra no español. (.) quedará colo (.) quedará berberecho (.) e quedará mexillón (.) pero fóra diso (.) non quedará absolutamente nada do noso idioma (.) punto
(0,5)
- E** e polo que me dixeches agora hai nada (.) >cales pensas que son as diferenzas mais salientábeis entre a lingua dunha persoa neofalante e a dun falante tradicional<. (.) as fonéticas.
(.)
- NF8** si (.) sobre todo a fonética (.) eu noto sobre todo máis niso (.) quero dicer (.) o : : - notas cando alguén é un falante : nativo cando el mesmo non se dá conta (.) e el pronuncia as sete vogais perfectamente (.) eu de facto é unha cousa que me : - me corroía por dentro que (.) cando estaba en primeiro ou : en segundo de carreira (.) nos anos en común (.) había xente que estaba metida en inglés e en español (.) que (.) eran do rural (.) e que falaban con sete vogais que daba gusto velos (.) pero agora resulta de que eles (.) de idiotas (.) pois *iban* no exame de : - de galego (.) e fallaban todas as vogais abertas e pechadas porque segundo eles é que non falaban galego (.) pero pronunciaban as sete vogais (.) e eu (.) polo contrario (.) tiña que esforzarme en aprender de memoria que palabras tiñan *a e aberta* (.) *a e pechada* (.) *a o aberta* e *a o pechada* porque non teño esa : : - ese acceso
(.)
- E** °mais iso é cuestión de tempo (.) teño a certeza° (.) e : : : SENTes que o teu xeito de falar é ben aceptado polos falantes nativos (.) algunha vez (.) sentícheste xulgado ou cuestionado.
(.)
- NF8** e : : - é verdade que (.) por exemplo a ver (.) dentro do meu grupo de amigos (.) hai un par deles que se burlan de certos aspectos que teño (.) por exemplo de non pronunciar (.) os enes velares (.) entón por exemplo un deles (.) cada vez que eu pronuncio “non é” (.) el empeza “noné nonai noné nonai” (.) e : : - e non : - non me fai moito - moito chiste (.) agora (.) fóra °diso° (.) fóra diso (.) e : : eu a maioría de problemas curiosamente dos comentarios que ti dicías de que o teu galego parece máis artificioso (.) o escoitei máis de españolfalantes que de galegofalantes nativos (.) o cal me semella un pouco estraño (.) pero non sei

(.)

E e pensas que todo este cuestionamento é algo co - común ao colectivo de neofalantes. (.) que é algo como que : : - que non é exclusivo a ti (.) [que é algo que sofren moitas persoas].

NF8

[Eu creo que o que pasa] (.) eu creo que o que pasa é que hai un colectivo (.) e ademais especialmente importante de : : españolfalantes (.) que parecen non entender que alguén poida ter razóns para cambiar de idioma (.) entón en realidade cando eles se burlan de ti (.) ou cando eles te ven como algo raro (.) é porque eles non saben (.) é dicir (.) para eles o galego é unha cousa que ou naces con el (.) ou non naces (.) punto (.) e : : o comentario deles que adoitan facer é o de que : : “*es que a mi el gallego no me sale*” xa queren dicir o : : - o seu posicionamento (.) é dicir (.) >para eles o galego non é un idioma que se aprende (.) para eles o galego é unha especie de árbore que *te* ten que nacer no *ventre*< (.) e se non che sae (.) e *eso* quere *decir* que xa non che vai *a* saír no resto da túa vida

(.)

E entón isto (.) garda relación co de que - pensas que a lingua das persoas neofalantes tende a ser menos valorizada.

NF8

si (.) tende a ser menos valorizada (.) obviamente (.) é verdade que algunhas veces por galegosfalantes nativos (.) sobre todo os (máis idosos) (.) que : : pregúntanche pero por que falas galego se o falas tan mal (.) para iso fala directamente español (.) pero : : a maioría das veces que o escoitas (.) o escoitas de xente moza españolfalante (.) e moitas delas - desas veces xente que cando eles mesmos falan galego (.) falan dez mil veces peor ca ti

(2)

E considérase neofalante. (.) ou simplemente galegofalante.

(.)

NF8

eu aínda así considérome (.) simplemente galegofalante (.) >quero dicir< (.) eu falo galego con moitas dificultades (.) pero non considero que fale unha variedade híbrida (.) eu falo simplemente galego (.) con interferencias do español (.) mais estou intentando eliminar esas interferencias (.) non considero que eu fale castrapo (.) nin teño ningunha conciencia lingüística de que teño que protexer o meu castrapismo

(.)

E 'é que ti pensas (.) eu PENso tamén (.) que o termo neofalante pode chegar a ser

depreciativo (.) é cando che din “es neofalante”

NF8 si (.) para moitas persoas o é (.) para moitas persoas é iso (.) mais eu volto a dicir (.) que en realidade o problema non é o propio neofalante (.) o problema é o valor que está detrás (.) o valor de que : : (.) >quer dicir< (.) non existe (.) *bueno* existe (.) pero en menor medida (.) a : : - as eivas que hai contra un : galegofalante que co que fala español (.) ouvimos moitas veces a españolfalantes que falan con acento completamente galego (.) e ninguén lles anda dicindo “*oye* (.) *tu español es muy artificial* (.) *para eso no hables español* (.) *habla gallego*” (.) pero curiosamente no caso contrario se fai (.) esas son as razóns (.) *eso* é perigoso (.)

E CANto pensas. (.) porque isto non está determinado en ningún estudo nin nada (.) canto pensas : : e : que debe pasar é eliminares o rótulo neo (.) ou mellor dito (.) se pensas que é unha cuestión de TEMpo (.) ou unha cuestión máis se cadra de seguranza lingüística. (.)

NF8 seguramente as dúas cousas (.) e tamén depende moito das habilidades persoais e sobre todo das : : - das ganas do propio neofalante de mellorar o seu idioma (.) e : : nalgúns (.) é *decir* (.) algúns falan - algúns falantes de español que saben outras linguas (.) son capaces de aprender galego en pouco tempo (.) relativamente (.) e : : - e outros falantes que son monolingües de español (.) que non saíron nunca do idioma (.) pois necesitan un proceso moi longo (.) que ao mellor (.) tal vez nunca acaba (.) é dicir (.) están no leito de morte e seguen falando con cinco vogais (0,5)

E do teu punto de vista (.) a lingua dos chamados falantes tradicionais é máis lexítima e auténtica ca túa. (0,5)

NF8 máis correcta si (.) desde ese punto de vista (.) e aí si que é a verdade que estou nunha especie de conflito (.) porque por unha parte si que é verdade que é máis lexítima porque é máis propia (.) máis auténtica e máis : : - diferente do : - do castelán (.) mais non creo que iso se deba : : utilizar como unha maneira de desprezar aos neofalantes (.) >quer dicir< (.) eu o teño un referente do que <eu quero falar> (.) pero non o teño un referente de que (.) aí (.) mira (.) que mal estou utilizando o meu galego (.) mira esta xente (.) estes poucos intelectuais que naceron no rural e que teñen este - esta maxia que lles naceu no ventre (.)

E a ver (.) é que a lingua : : non é propiedade de ninguén [quero dicir]=

NF8 [claro]

=ninguén se pode considerar máis lexítimo tampouco quero dicir (.) e : xa : :
imos remaTANdo (.) e como concibes a túa identidade nacional. (.) galega (.)
española (.) ambas (.) outra (.) máis galega que española (.) máis española que
galega hhh
(.)

NF8 a verdade é que desde que empecei o meu proceso de re - descubrimento do : :
- do reintegracionismo (.) eu cada vez estou (.) eu cada vez estou pensando
máis que por unha identidade dupla (.) é dicir (.) portugalega (.) e cada vez o
que máis estou (.) (.) pois eu penso que hai unha identidade lingüística que
compartimos con Portugal (.) e por iso debemos ter unha serie de relacións
nacionais (.) agora *si eso* debería levar a que fósemos unha soa nación (.) ou
como dúas ramificacións da mesma nación (.) sae (.) un debate que non quero :
: entrar (.) porque aínda estou en pleno : : - en pleno proceso de : : de - de
intentar (.) estruturalo
(.)

E desde que falas o idioma da Galiza (.) sénteste máis galego.
(.)

NF8 si (.) moitísimo máis (.) obviamente
(.)

E podes dicir : : de que maneira : : algún tipo de exemplo
(.)

NF8 quero dicir en que : : (.) a ver (.) eu antes : : tiven unha pequena etapa aí en
cuarto da ESO en que *decía* que eu era galegofa - eu era galego de toda a vida
(.) pero falaba español (.) >é dicir< (.) seméllame un pouco idiota que : : (.) é
dicir (.) *decir* “*es que yo soy gallego* (.) *es que yo soy gallego*” (.) mais despois
resulta que o que fas é : : (.) escoitar a muiñeira unha vez ao día (.) e : : - e
escribir cousas en twitter como “*ser gallego es mi manera de ser español*” (.) a
min me parece que é un pouco ridículo (.) é *decir* (.) a : : - >se verdadeiramente
te consideras galego (.) polo menos fai o esforzo para aprender o idioma< (.) xa
no che estou dicindo que o utilices en todos os ámbitos da túa vida porque es
libre de facer co idioma o que ti queiras (.) pero agora (.) xa chegar a non
coñecelo (.) paréceme xa unha falta de respecto
(0,5)

- E** a teu ver (.) cal e a relación entre o galego e a identidade galega. (.) pensas que están ligados.
(.)
- NF8** si (.) bastante ligados (.) porque en realidade case en calquera das identidades nacionais son os idiomas (.) e : : (.) quero dicir (.) o nacionalismo tal e como está concibido desde o século XIX (.) case do pouco que queda é a lingua (.) o resto que queda é pandereitada (.) os bailes tradicionais (.) os : : - o : : o luar e as cousas polo estilo (.) é decir (.) está a lingua (.) que é verdadeiramente un capital de importancia (.) >e despois hai un montón de cousas< que está ben mantelas (.) pero se *convirten* ao final en *eso* (.) folclore
(1)
- E** e : : xulgas que o feito de falar galego sempre ou habitualmente é necesario para unha persoa ser autenticamente galega.
(2,5)
- NF8** si que é verdade que aquí (.) a ver (.) eu : : - eu considero que o coñecemento de galego si que *che convirte* en máis galego (.) agora (.) eu entendo que para moitas persoas : : eles viven en contextos onde o uso de castelán (.) dunha maneira ou doutra (.) está imposto queiras ou non (.) sobre todo en ámbitos laborais (.) cada vez mais (.) e : : - e se ben é verdade que é algo que desprezo obviamente (.) hai que recoñecer que estas persoas (.) cada un de nós ten uns ambientes determinados (.) e : : - e se poden facer esforzos obviamente (.) >sempre se pode facer máis< (.) mais (.) algunhas persoas se consideran perfectamente galegofalantes (.) son galegofalantes nativas (.) pero despois están en ambientes que a maioría do tempo é que non poden saír do español
(.)
- E** concordas coa afirmación de que unha mudanza de lingua costuma a responder a unha determinada orientación política.
(1,5)
- NF8** orientación política é posíbel que teña un pouco que ver (.) mais non é obviamente só orientación política (.) obviamente (.) se te - se ti realizas o esforzo de querer ollar o idioma (.) querer aprendelo e querer usalo para algo (.) xa marca un posicionamento (.) que ti a : : - estás interesándote por algo que a maioría da nosa sociedade non se está interesando por el (.) agora iso inmediatamente non te converte nun nacionalista do BNG (.) podes ter uns posicionamentos meramente galeguistas (.) estar a favor do galego e : : - pero posicionamentos políticos do máis dispares (.) que digo eu se ata hai xente en VOX hhhh

(1)

E pensas que o futuro do galego está nas mans das persoas neofalantes.

NF8 como xa : : afirmei antes (.) eu creo que si (.) porque o problema é que polo menos (.) no curto prazo (.) non vai haber un cambio lingüístico radical social (.) a menos ca : : - que mañá haxa unha revolución popular nacional (.) que o dubido bastante (.) e se cambien as tornas (.) ata que ese momento *ocurra* (.) temos que manernos co que temos (.) e o que temos é : : intentar dunha maneira ou outra apren - facer que os nenos que agora mesmo só aprenden español (.) no seu ambiente (.) que aprendan o galego dalgunha maneira (.) pola escola ou por onde sexa (.) e sobre todo tamén : : (.) *bueno* aínda que en certa maneira tamén sería importante as : : - as iniciativas que se fan por exemplo da escola ce - semente (.) é dicir (.) iniciativas para intentar integrar alumnos (.) e : : : - en contextos exclusivamente galegofalantes (.) agora eu creo que o futuro do idioma (.) se o futuro - se o idioma quere sobrevivir (.) é iso (.) é depender do galego como segunda lingua (.) que é un : : futuro triste pero é un futuro

Entrevista a neofalante 9

- E onde naciches. (.) en que lugares moraches ata este momento.
(.)
- NF9 ok (.) pois eu nacín en Faro (.) que queda no Algarve (.) en Portugal (.) no sul (.) e : : vivín en Lisboa (.) vivín unha temporeada no Porto (.) unha pequena temporeada en Braga (.) e vivín en Vigo (.) e na Coruña
(.)
- E e de onde son os teus pais.
(.)
- NF9 pois os meus pais son do Algarve taMÉN (.) de Faro
(.)
- E CAles son as linguas da túa primeira socialización coa familia.
(.)
- NF9 portugués (.) evidentemente hhhhh
(.)
- E *vale* (.) e CANdo aprendiches galego.
(.)
- NF9 aprendín galego : : no ano : : 2012-2013 cando : : *viñen* >para aquí para a Coruña<
(.)
- E e : : (.) na túa casa (.) agora actualmente (.) fálase : galego : de maneira : habitual.
(.)
- NF9 na miña casa agora mesmo (.) fálase sempre galego
(.)
- E e no teu entorno social?
(.)
- NF9 sempre galego
(.)
- E °*vale*° (.) e : : CAL se pode dicir que foi a túa principal fo - fonte de aprendizaxe.
(.)
- NF9 pois : : primeiro os meus alumnos (.) de filoloxía (.) e despois os compañeiros con quen trabaLLAbA
(.)
- E e : : (.) como foi recibido (.) <que comezases a falar galego nos teus círculos

mais próximos> hhhh

(.)

NF9 hhhh foi moi curioso (.) non? (.) aquí na facultade : : pois : : por exemplo (.) houbo un profesor que : - que me dixo : - es a primeira portuguesa que eu coñezo que fala gaLEgo (.) e : : ás veces presentábame así (.) e : : - e claro (.) despois entre amigos (.) hai dous polos non. (.) hai os amigos que : : - como que me odian un pouco porque son portuguesa e falo galego (.) e non o entenden (.) e hai amigos que : : - que lles parece (.) fantástico (.) e que é un esforzo enorme (.) porque eles non son capaces de falar portugués como falo eu galego (.) entón (.) m : : - mais hai si unha pequena parte (.) como do 10% de persoas (.) que non o entenden

(0,5)

E e mudaches de lingua de súpeto ou progresivamente.

(.)

NF9 a : : (.) <foi progresivo> (.) comecei a aprender un pouco cos alumnos (.) cos erros que daban nas aulas de portugués (.) como era o : : - o esquema de conjugación galego (.) todas as cousas que eran como : : (.) interferencias para eles tornáronse unha fonte de aprendizaxe para min (.) e : : a partir de aí : : un pouco o vocabulario (.) fun copiando : (.) dábase un pouco de vergoña ao inicio porque me parecía (.) nunha certa maneira unha especie de castrapo (.) dende o meu : : dende a miña lingua de parTIda (.) mais creo que en tres meses (.) fun capaz de mudar (.) así

(0,5)

E e : : (.) xa non fai moito sentido (.) mais costumás falar galego habitualmente.

(.)

NF9 : : eu falo sempre galego

(.)

E °vale° (.) e : : - e entón aquí na Galiza (.) a túa lingua habitual é o galego.

(.)

NF9 si (.) moito máis que o portugués (.) si si si

(.)

E vale (.) hoxe en día tes como unha rede de amizades con que poidas : : (.) falar galego : sempre (.) ou te ves no típico de que : : (.) eu que sei (.) non tes necesidade de falar español nunca.

(.)

NF9 eu non sinto necesidade de falar español nunca (.) algunha persoa española pode pensar que ten necesidade de falar con el español (.) mais nunca foi o caso (1) quizais unha palabra un día (.) para : : facerme entender (.) mais : : todos os

- meus amigos falan galego (.) normalmente (.) de feito teñen fillos e queren que falemos sempre galego (.) entón xa é outra presión
(.)
- E** mais : : hai xente que oscila e tal
(.)
- NF9** non (.) eu coñezo xente que oscila (.) amigos de amigos (.) con quen ás veces que estou tomando algo (.) que me están falando en español e eu falo en galego (.) algúns acaban mudando de lingua para falar comigo (.) eu nunca fago : : - eu nunca fago do revés
(1,5)
- E** vale (.) relaciónaste máis con persoas (.) neofalantes (.) ou cos denominados falantes nativos ou tradicionalis.
(.)
- NF9** creo que : me relaciono máis : con falantes : : nativos tradicionalis (.) creo que si
(.)
- E** vale (.) entón (.) cando coñeces unha persoa nova (.) falas galego.
(.)
- NF9** sempre
(.)
- E** as persoas mudan de lingua cando falan contigo (.) normalmente.
- NF9** algunhas si
(.)
- E** SEntes a responsabilidade de falares galego. (.) de o salwares. (.) isto o digo porque entre o colectivo neofalante ordinario (.) é dicir que vén do español pois :
(.) desde a túa experiencia.
(.)
- NF9** si (.) desde a miña experiencia si que sinto unha responsabilidade social (.) sinto : - sinto que fai parte (.) de feito eu son portuguesa e non tería a necesidade de falar galego (.) en principio (.) eu podería entenderme con galegos en portugués (.) e podería entenderme con españois por exemplo en portugués ou en español (.) que eran linguas que eu xa sabía (.) agora evidentemente se estou aQUÍ (.) pois necesito facer parte da masa (.) non. (.) son como máis ou menos estranxeira e fago un esforzo para achegarme a vós (.) entón porque non faría calquera (.) ademais estou nun entorno en que pois : : (.) debo mobilizar xente para iso non? (.) o entorno escolar (.) o académico ou tal
(.)
- E** e logo taMÉN (.) como din que hai moita xente que : : (.) hai casos que tamén - que comezan a falar galego por cuestións de moda e tal (.) que non penso que

- sexa o teu caso
(.)
- NF9** non (.) moda non (.) >de feito paréceme que o galego está bastante fóra de moda<
(.)
- E** ti pensas que : : (.) se vivires aquí (.) vas a seguir falando galego sempre aquí : :
(.) na Galiza.
(.)
- NF9** si (.) eu non : : - non creo que - que (.) non (.) a miña maneira de falar no : : -
non vai sufrir ningún tipo de alteración hhhhh
(.)
- E** e logo (.) COmo describirías a túa variedade de lingua. (.) como galego urbano
(.) que tampouco penso que sexa (.) é o que se considera o típico con cinco vogais (.) con despalatalización (.) non ene velar (.) galego estándar (.) galego tradicional (.) ou castrapo.
(.)
- NF9** castrapo definitivamente non (.) galego tradicional vexo que é un pouco complicado calificalo así : (.) porque : eu non teño todo : : - toda a base que : : - que teñen os galegos galegos para poder dicer pois : : (.) <para poder recoller expresións que dicían meus avós (.) ou que dicía alguén da miña infancia> (.) non podo : - non podo facer iso (.) no entanto coñezo algo de música tradicional (.) tamén podo adaptar (.) e tamén descubro (.) >por exemplo coa miña parella< (.) descubro que moitas expresións que eu digo en portugués (.) que el reconece da súa infancia en Melide (.) que vamos é un sitio en que tampouco se fala tanto galego (.) pois entre estándar e camiño de tradicional (.) si si si (.) intentando mellorar (.) agora a pronuncia por exemplo (.) eu sei que : : - que se tivese comezado a falar galego (.) utilizando : : - utilizando máis a base do meu portugués (.) xa non exaxerando na : : - na pronuncia e tal (.) podería falalo bastante mellor (.) podería falar así : : máis estilo : : Carballo : : a camiño de : : (.) non sei (.) Vimianzo ou por aí (.) a cuestión é que - tamén é certo que fun copiando os modelos que se me presentaban (.) entón despois (.) mudar todo xa custa moito
(.)
- E** SÉNtete cómoda co teu nivel de galego. (.) pensas que te desenvolves ben en todos os rexistros (.) informal (.) se tiveses que dar unha palestra. (.) ou : :
(.)
- NF9** creo que no rexistro informal vaime bastante ben (.) <no rexistro : : - no rexistro académico : : quizais : : - quizais puidese mellorar un pouco> (.) teño feito cursos e todo iso (.) mais si que : - si que creo que podería mellorar un pouco (.)

porque eu creo que en galego académico moitas veces aquí se tende á informalidade (.) mesmo no estilo de expresións (.) taMÉN hai expresións que eu non podo recoñecer como expresións elevadas ou informais (.) porque en portugués me parecen informais (.) en canto que aquí son un pouco máis - un pouco elevadas (.) hai cousas que me custa entender por registro (.) non polo sitio onde se di

(.)

E PENsas que a calidade da lingua é importante. (.) até que punto.

(.)

NF9 a cualidade da lingua é bastante importante e creo que só vou falar dun punto (.) o punto é o valor social que se dá a esa lingua (.) a partir do momento en que entendermos que o galego pode ter (.) tanta calidade (.) ou pode estar ao nivel de : : - pois dun catalán académico (.) dun español falado no Parlamento (.) >aínda que non se fale moi ben español no Parlamento< (.) ou dun portugués : totalmente : normalizado (.) ou dun inglés das Cortes (.) non? (.) a partir dese momento creo que deixaríamos de ter tantos problemas como temos para que a xente fale galego (.) o galego é sempre tido como algo (.) secundario (.) da aldea (.) de : : - de clases populares (.) e como que non chegamos nunca a poder falar de música clásica en galego (.) non podemos falar de gramática de outra lingua en galego (.) non podemos falar de matemáticas aplicadas en galego (.) entón (.) pois evidentemente que é moi importante o nivel

(.)

E CAles pensas que son as diferenzas mais salientábeis (.) entre a lingua dunha persoa neofalante. (.) e a dunha persoa falante tradicional. (.) cuestións fonéticas se cadra.

(.)

NF9 e : : si (.) e : : tamén a cantidade de : : de españolismos que é capaz de introducir unha persoa na mesma frase

(.)

E SENtes que o teu xeito de falar é ben aceptado polos falantes nativos. (.) algunha vez te sentiches xulgada ou cuestionada (.) pola : : túa maneira de falar.

(.)

NF9 curiosamente non (.) curiosamente non (.) algún día me dixeron que : : (.) vamos eu fóra a facer unha presentación (.) nun sitio público (.) e estaba un alumno meu que é neofalante (.) é neofalante (.) e : : foi a única persoa que me dixo (.) non (.) nótase que es estranxeira (.) non me dixo en que (.) el non sabía poñer o : - o dedo (.) mais si sabía que eu era estranxeira (.) el xa o sabía (.) despois hai falantes : : - falantes nativos (.) verdadeiramente nativos (.) que me din impresionante como fas ás veces entre /θ/ e /s/ (.) que fas (.) e eu sei que me

equivoco (.) mais iso é unha dificultade de - de pronuncia (.) despois ás veces os
erres (.) si que provocan algún desconcerto non. (.) porque nin sempre me
esfuerzo o suficiente para pronuncialos ben(.) mais non : :

(.)

E ás veces as persoas neofalantes somos as máis exixentes con outros neofalantes

NF9 si si

(.)

E dáste conta de que (.) por exemplo (.) aquí na universidade pois : : os falantes
tradicionais son como moito máis : : (.) ás veces (.) comprensivos (.) e : : nós
somos os que estamos aí como non pronuncias non sei que (.) e tal (1,5) PENsas
que a lingua das persoas neofalantes tende a ser menos valorizada.

(.)

NF9 penso que unha nova maneira de : : - de atacar o galego (.) non? (.) que alguén
se esforce por : : - por achegarse e que estea alguén detrás dicindo “iso non (.)
porque ti nunca falaches galego (.) agora acordaches de falar porque si (.) porque
ese galego non é o galego que nós falamos (.) porque ese non é o galego
tradicional (.) porque ese galego non vale (.) o que vale é o meu (.) non (.) o teu
non vale (.) entón creo que utilizando ese tipo de argumentos (.) tamén poden
os : : - os castellanofalantes utilizar moi facilmente ese argumento para deitar un
pouco abaixo o : : - o que estás inten - tando construír de sociedade (.) non.

(1)

E considérase neofalante (.) ou simplemente galegofalante (.) porque agora hai
moita cousa co das etiquetas (.) >quero dicir< (.) hai xente (.) que non se
considera neofalante (.) aínda que tecnicamente o é

(.)

NF9 se neofalante significa que unha persoa que tarde na súa vida comezou a falar
galego (.) pois eu son neofalante (.) a cuestión é que eu creo que se utiliza máis
desde o español cara ao galego (.) do que da outra maneira (.) eu creo que son
galegofalante porque é o que practico (.) é o que falo (.) eu falo galego e son
galegofalante (.) e para min é como se (.) estivese aquí toda a miña vida (.)
porque a miña existencia aquí comezou (.) cando empecei a falar galego (.)
entón é como se tivese nacido outra vez

(.)

E entón pensas que o termo neofalante desde certos sectores é depreciativo.

(.)

NF9 creo que si (.) creo que si (.) aínda que poida ser o máis próximo a unha etiqueta
válida que teñamos a día de hoxe (.) non hai outra

(.)

- E** outra cuestión que tamén : : - débátese bastante (.) é (.) por exemplo (.) moita xente di (.) es neofalante (.) mais ninguén di canto tempo ten de pasar até que o rótulo (.) neo (.) desapareza (.) se pensas por exemplo que é máis ben unha cuestión de tempo. (.) ou que é unha cuestión de competencia lingüística (.) de seguranza (.) de como ti te sentes.
(.)
- NF9** eu creo que é unha cuestión de competencia lingüística (.) se ti podes atinxir un : : nivel bastante : : alto (.) e te podes sentir seguro nas túas interaccións (.) polo menos sociais (.) eu creo que deixas de ser neofalante (.) por moito que pase por exemplo seis meses. (.) un ano. (0,5) agora non podemos ser neofalantes toda a vida (.) non podes estar oito anos sendo neofalante (.) iso non me define (.) non? (.) paso de aí a ser iso (.) galegofalante
(.)
- E** °vale° (.) do teu punto de vista (.) a lingua das persoas chamadas neofalantes tradicionais e máis lexítima e auténtica ca túa. (.) ou é distinta. (.) porque hai xente tamén que di que : : - é como unha nova maneira de falar galego que nin é mellor (.) nin é [peor]
- NF9** [é unha maneiras] (.) e esa maneira contempla : : pois todo aquilo que se pode perder socialmente (.) ou : : mesmo en termos de : : (.) non sei tamén de linguaxe máis familiar (.) non falo da linguaxe afectiva (.) ni destas cousas da primeira infancia, (.) das primeiras memorias nin nada romantizado (.) mais de : : - da interacción real que poden ter dúas persoas falantes de galego de sempre (.) ou xente que : : - que comeza agora (.) pois se ese novo galego (.) desvirtúa todo o que está para atrás (.) pois mal andamos (.) se é igualmente lexítimo? (.) se desvaloriza non pode ser lexítimo
(.)
- E** pensas que o galego pertence a alguén.
(.)
- NF9** o galego non pertence a ninguén (.) o galego é unha construción histórica (.) social (.) etcétera (.) que pertence a quen : : - a quen o fala (.) eu creo que podemos aprender moito dos falantes tradicionais (.) entón non ten sentido dicir que (.) eles son a fonte de toda a sabedoría (.) porque probabelmente eles cometen erros que un neofalante que xa tivo a oportunidade de estudar galego (.) de aprender as bases gramaticais moito máis (.) que tivo un momento de dicir (.) pois isto en español é así e en galego é así (.) pero claro (.) ese coñecemento vén dos que están detrás (.) agora non : : - non lles pertence máis a eles do que a nós (.) supoño que tería que ser unha cousa : : (.) algo conxunto de aproveitar o que está detrás e os que están atrás tamén aproveitar o que está diante
(.)

- E como concibes a túa identidade nacional. (.) neste caso galega. (.) no teu caso máis galega que portuguesa. (.) máis portuguesa que galega. (.) só portuguesa. (.)
- NF9 no meu país no se cuestiona a identidade nacional (.) porque estamos nun país centralista : : (.) entón eu son portuguesa (.) está no meu documento de identidade (.) non o podo negar (.) vivín : : en Portugal : : nun momento da miña vida e vivín na Galiza noutro (.) A Galiza chegou para min noutro momento (.) eu xa era adulta (.) entón (.) podo dicir que tiveron a oportunidade de construír outra identidade (.) para min non hai esta cousa de metade metade (.) nin nada (.) eu en canto estea aquí (.) eu son galega coma vós (.)
- E ok (.) e : : (.) como pensas : : - pensas que o galego e a identidade galega están ligadas (.) >quero dicir< (.) que lingua (.) vai : : relacionado : : (.) que son inseparábeis.
- NF9 a lingua é probabelmente a : : - o que máis nos define como pobo (.) non. (.)
- E e ligado a isto (.) PENsas que o feito de falar galego sempre ou habitualmente é necesario para unha persoa ser autenticamente galega. (1)
- NF9 si (.) sen dúbida (.) sen dúbida
- E concordas coa afirmación de que a mudanza de lingua costuma responder a unha determinada orientación política. (.) o típico (.) nacionalismo (.) mudanza ao galego (.)
- NF9 o nacionalismo mudanza ao galego (.) m : : nese caso si (.) normalmente si (.) aínda que eu coñezo algúns nacionalistas que non falan galego (.) mais si (.) porque aínda non chegaron a ese punto
- E e coñeces a xente (.) que mudase de lingua : por outro tipo de razóns (.) >quero dicir< (.) socioculturais : : (.)
- NF9 si (.) evidentemente (.) xente que ten traballos en : : grandes empresas (.) ou que de repente ten que se relacionar con xente : : (.) habitualmente dunha esfera económica máis alta ou máis potente (.)
- E pensas que o futuro do galego está nas mans das persoas neofalantes. (1,5)
- NF9 e : : : m : : : (2) <dado que (.) dado que (.) o número de : : galegofalantes nativos está visiblemente en descenso (.) pois : : os neofalantes son a nosa última

esperanza hhhh> (1) non (.) son eses que van criar os seus fillos en galego (.) e o galego vai a ser a súa lingua materna (.) entón probabelmente aí reside como que :: o reverter da pirámide que vemos agora (.) non.

